

REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRISIS DA UNIVERSIDADE
EUROPEA

DISCURSO LIDO NO ACTO DA SUA RECEPCIÓN, POR

DON ENRIQUE VIDAL ABASCAL

E RESPOTA DO ACADÉMICO NUMERARIO

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO




A CORUÑA


1971

DEMIA
A
ÑA

38

ca





REAL ACADEMIA
GALEGA
A CORUÑA

29438

Biblioteca

O querido amigo e
compatriota da Academia
D. Enrique Cerezo Espina com
fundo afecto e agradecimento

Vidal

A CRISIS DA UNIVERSIDADE EUROPEA

[Faint, illegible handwritten text, possibly bleed-through from the reverse side of the page.]

EXPOSICIÓN DE UNIVERSIDAD DE BUENOS AIRES

REAL ACADEMIA GALLEGA

A CRISIS DA UNIVERSIDADE EUROPEA

DISCURSO LIDO NO ACTO DA SUA RECEPCIÓN, POR

DON ENRIQUE VIDAL ABASCAL

E RESPONSTA DO ACADÉMICO NUMERARIO

DON RAMÓN OTERO PEDRAYO



Biblioteca

A CORUÑA

1971

REAL ACADEMIA GALILEA

A CRISIS DA UNIVERSIDADE EUROPEA

CONFERENCIA PUBLICADA EN LA REVISTA DE LA ACADEMIA

DE DON ENRIQUE VIDAL ARASCAI

Y ENVIADA AL SEÑOR COMISARIO

DE DON RAMÓN OTERO PEDRAYO



A CORUÑA

1971

Imprenta de la Real Academia Galileana

DISCURSO
DE
D. ENRIQUE VIDAL ABASCAL

A Santiago de Galicia, estrelecido de arte e de
esprito, cheo de inquedanzas, magoado e agarimei-
ro, que sostén no miolo de Galicia a unión de este
pobo e a espranza do seu renacemento.

DISCOURS
DE
D. EMILIO VITAL AZARCI

A l'occasion de l'inauguration de la statue de
l'illustre philosophe, le 20 novembre 1908, à
Paris, devant les membres du Collège de France,
présentés par M. le Ministre de l'Instruction
Publique.

Señor Presidente, señores Académicos:

Miñas donas, meus señores:

As miñas primeiras verbas teñen que ser de fondo agradecemento aos académicos de esta ilustre Corporación, que con xenerosidade es-ceucional, acolléronme pra formar parte de esta Academia, o que me honra e me obriga con esixencia a que todos os meus aitos teñan presente a deuda que teño con Galicia, que me dóu o sentido da vida, agarimóume dende sempre coa súa cultura e agora a representación máis ilustre das súas persoalidades, recíbenme nesta Corporación chea de historia e de inqedanzas pola outa cultura galega.

Sinto aínda máis fonda responsabilidade por ocupar a vacante de D. Ramón M. Aller Ulloa, posíbelmente a máis rexa persoalidade científica da historia de Galicia, que soupo aunar o fecundo traballo da investigación astronómica, coas máis esgrevias virtudes morales; e sendo tan importantes os seus resultados científicos que o ergueron a ser membro honorario do Consello Superior de Investigacións Científicas de Madrid, cadeirádego extraordinario da Universidade de Santiago, coengo honorario da S.M.I.C. de Santiago, e moitos títulos máis, a súa obra maestra máis admirable foi a súa vida, ateigada de valores humás que son o esaltamento dos que encerra a ialma galega. Don Ramón M. Aller, coa súa modestia, seu sorriso de home bó, a súa sinxeleza e a súa conformidade, tiña un rexo, duro e inquebrantable sentido do ben; era bó, modesto e sinxelo porque quería sélo. Como era duro, esauto e ríguroso cara a Cencia, porque ésta ten que

ser así, sinón, non é Cencia. Mestre esceucional logrou crear unha escola de Astronomía que está a medrar e que xa conta con ilustres astrónomos e cadeirádegos; o meu máis preciado título e ter sido discípulo seu.

Tendo en conta os meus pequenos méritos, será o seu recordo e o seu exemplo, a mellor compañía pra afrontar a difícil tarefa de soste o alto rango intelectual a que obriga o pertencer a esta Academia.

Gracias, pois, unha vez máis a todos os que coa súa participación, honráronme co seu acougo pra chegar a formar parte de esta Corporación, de tan outo prestixio e cúa laboura tivo e seguirá tendo tan fonda transcendencia na historia da ciencia e da cultura galega.

INTRODUCCION

O que se sustrae á crítica
en realidade non quere saber.

JASPERS

A “Universidade” e unha institución que aparece en Europa na Edade Media, como vontade de dar primacía á intelixencia cara a os outros valores humáns que revalorizan outras culturas e outras sociedades. A Universidade é, polo tanto, algo exclusivamente europeo, que non existiu en ningunha outra sociedade. “Di Ortega ¹: “Cara o poder político que é a forza e a Igrexa, que é o poder trascendente, o meigallo da Universidade alzouse como orixinal, exclusivo e auténtico poder espiritual; era a Intelixencia, como tal, exenta nuda e por si mesma, que por primeira vez no planeta tiña a audacia de ser directamente e, por así decilo, en persoa, unha enerxía histórica. ¡A intelixencia como institución!”.

Mostra Ortega a continuación que o desexo de pensar as cousas foi substituído polo anxeio de poseelas, a intelixencia foi substituída no século aitual pola vontade, xa non importa ter razón, o que se anxeia, é ter e poseer as cousas mesmas, ao inteleitualismo substituíuno o voluntarismo e máis adiante dí: “A crisis da intelixencia e con ela a da Universidade soio pode dominarse mediante a reforma da intelixencia”.

A crisis da Universidade europea gravita no porvir da cultura occidental como unha pesada carga que asfisia o desenrolo do vello

¹ *Misión de la Universidad*. Rev. de Occidente, Madrid, 1965, p. 95.

mundo. O intelectual ausente do tráfago da vida, alleo na súa torre de marfil dos feitos científicos, da loita que arreo háse de soste polo poder ou pola supremacía do facer, non concorda co que a sociedade ancea no seu perentorio vivir cheo de urxencias. "A cencia é o maior portento humán", dí Ortega ², "pero por riba déla, está a vida humán mesma que a fai posíbel".

Ao comparar a vella Universidade europea, pra minorías intelectuales, coa organización norteamericán, atópanse grandes diferencias. Nesta última existen múltiples centros pra o ensino superior que seleccionan cuidadosamente aqueles que pola súa aplicación e capacidade deben terminar os estudos nun centro popular en dous ou tres anos dimpóis da enseñanza media ou aqueles outros que poidan pasar aos "Colleges", que prolongan o ensino un par máis de anos e permiten obter novos títulos, ou derradeiramente os especialmente dotados que son admitidos nas universidades que se orientan cara a investigación, pero soio pra esa minoría que ten especiales cualidades. É de desear unha Universidade que fundamentalmente ensine a cultura da época a esa multitude que oxe a invade a máis dunha profesión ³.

A crisis da Universidade europea, é crisis de ideal cara os novos tempos. Os vellos moldes elaborados pra unha sociedade estratificada en capas sociás e en compartimentos aislados, non sirve pra unha sociedade que ancea que cada ún se erga nas súas posibilidades a meirande altura, non soio pola xusticia cara o individuo, sinón tamén pola comenencia da mesma sociedade, modificando a división en obreiros e estudantes. Oxe todos deberán ser estudantes de maior ou menor alcance.

A REFORMA DA UNIVERSIDADE

Por outro lado fai tempo que o problema da Universidade pasóu de ser privativo dos medios intelectuales a interesar casimente a todos os sectores sociás. Esta situación espóna o Prof. Latorre ao co-

² *Misión de la Universidad*, loc. cit., p. 30.

³ Prados Arrate, en contra de esta opinión, dixo nunha conferencia pronunciada a petición da "Asociación española de mulleres universitarias" e titulada: "La crisis de la Universidad española actual". (La Universidad, Edit. Ciencia Nueva, Madrid, 1969), "que oxe non é posíbel darlle prioridade á cultura na Universidade, nin siquer á cencia, que debe supeditarse á formación profesional, seu fin principal".

menzo da súa obra: "Universidad y Sociedad" ⁴, sinalando como xunto á importancia que ten a Universidade pola súa función docente e investigadora está tamén a batalla de ideas e influencias que hai nela. A través da Universidade búscase, en moitas ocasións, defender ou atacar outras cousas envoltas na pasión que leva a carón as loitas políticas ou doutrinaes. A cuestión universitaria convértese así nunha das "doutrinas nidas" de que fala Larra, porque detrás dela véñse as persoas, e neste caso, as ideas, os intereses e os grupos.

En tan poucas parolas queda espoto lumiosamente todo o intrincado e difícil problema que se plantea ao falar da reforma da Universidade. Por un lado está a adaptación da función docente e investigadora fronte ás novas circunstancias porque atravesa a sociedade, pero, tamén, na súa ordeación van tomar parte as ideas que loitan por atinguir a súa influencia. A Universidade ha contribuíre sempre a un sistema de vida, e incluso á persistencia dunha clase dirixente ou a que sexa substituída por outra. Soio examinado os seus viramentos e reformas desde este punto de vista, pódese estudar con craridade e incluso tomar partido. Respeito á súa capacidade técnica como escola de científicos e de profesionaes, temos que analizar a súa posición fronte á ciencia e á necesidade de que teña centros pra experimentación donde se poda lograr completar esa formación. "A ciencia", dixo Ortega, "é a dignidade da Universidade, máis aínda, porque ao fin e ao cabo, hai quen vive sin dignidade, é a ialma da Universidade, o principio mesmo que a nutre, dalle vida e impide que seia soio un vil mecanismo". Así analizaremos a relación entre a ciencia e a Universidade. Pra esto é preciso saber hacia que anceios camiña.

O PORVIR DA UNIVERSIDADE

Os recentes sucesos en diversas Universidades en todo o mundo, pero especialmente nos centros europeos, que chegaron á virulencia estremada nas Universidades de París e Roma, plantean a cuestión de si a crisis da Universidade, como institución pra a investigación e transmisión do saber, é un fenómeno consecuencia da adaptación da sociedade ás novas premisas impostas polo crecemento da técnica e da ciencia, os novos conceptos sobor os dereitos do home, sobre o de-

⁴ Ediciones Ariel. Barcelona, 1964.

reito de aprender e o dereito a que o Estado non soio permita o acceso ao saber, sinón resolva automaticamente a súa situación económica, dereitos que poderíamos resumir como o "dereito ao benestar", ou si a crisis ten caracteres máis acusados nestas institucións europeas. Neste caso, independentemente dos motivos a escala mundial que alteran o funcionamento normal das Universidades, motivos que xa está dito dedúcense da tensión que os novos tempos producen, e que, pra os creentes católicos, tan craramente reflexou o Concilio Vaticano II, existen outros motivos de confusión causados por unha organización e uns ideais que se quedaron cortos e inadecuados fronte á sociedade que empezou a configurarse no último tercio do noso século.

Conserva a Universidade un outo sentido do valor da ciencia e da outa categoría da razón como instrumento e da dedicación a unha profesión, como motivo pra diñificar a vida; conserva tamén, elementos e valores nobles que ha de revitalizar: sentido de responsabilidade e da vocación, valor do esforzo, afán por buscar a verdade e esprito científico; a Universidade, centra a súa existencia no valor humano da reflexión e da intelixencia. Pero modernamente, parece insinuarse que o pago aos largos anos de probas agotadoras, será un benestar e unha posición privilexiada, pero, obrigando, pra ésto, a renunciar a criticar a sociedade, e apencar con inxustos privilexios, por disfrutalos.

Como unha orientación sobor do futuro da Universidade a continuación traduzo as acertadas verbas do filósofo alemán Karl Jaspers, con que comenza o seu estudo sobor "A idea da Universidade"⁵: "O futuro das nosas Universidades, con tal de que se lles dé unha oportunidade, reside na renovación do seu esprito orixinario. Este que fai medio século iba declinando despacio, nos derradeiros tempos, decaeu profundamente". Agora é o momento en que os docentes e os estudantes véñense obrigados a reflexionar sobre o seu modo de obrar. Cando todo vacila, nós, pola nosa parte, queremos saber dónde estamos e que é o que queremos". "A volta ás nosas mellores tradicións por medio dunha recreación actual, e unha reconstrucción da Universidade, é cuestión decisiva pra a nosa vida espiritual en xeneral. Nós temos a responsabilidade do que vai ser de nós. Soio a nosa máis pro-

⁵ *La idea de la Universidad Alemana*. Edit. Sudamericana. Buenos Aires, 1959.

funda arela pode realizar aínda aquilo que é posíbel". "A Universidade é unha escola, pero escola única no seu xénero. Nela non soio se debe ensinar: o alumno debe participar na investigación e chegar así a unha formación científica decisiva para a súa vida. De acordo con esta idea, os alumnos son pensadores independentes, autorresponsables, que siguen con espírito científico aos mestros. Poseen a liberdade de aprender". "A Universidade, é a sé na que a Sociedade e o Estado, permiten o florecemento da máis crara conciencia da época. Alí, poden reunirse homes que, en calidade de docentes e alumnos, teñen a única misión de aprender a verdade, porque que nalgún lado teña lugar unha indagación da verdade constitúe un dereito do home como home".

Os nosos mozos estudantes piden unha Universidade que lles brinde unha gran tarefa, pero que os premie con un gran ideal, que ren sumarse a algo a escala mundial, que lles satisfaga plenamente. Pero independentemente de este debezo ou este superior anxeio, a universidade europea, pola súa organización clasista e medieval, retórica e literaria, resulta máis anacrónica e ineficaz que a Universidade americana ou a rusa.

A DEMOCRACIA NA UNIVERSIDADE

A democratización dos órganos de goberno é un dos máis graves problemas da Universidade. Moito antes que a súa autonomía administrativa, moito antes que a súa relación coa sociedade, incluso pra probar que esos anxeios son sinxelos, é preciso lograr un cauce natural pra que os problemas da Universidade, como tal, poidan ser tratados e examinados por todos aqueles que a constituíen e moi especialmente polo estamento docente, aqueles que adican a súa vida, o seu esforzo e toda a súa atención á Universidade.

Trataremos de examinar a posibilidade de diálogo dentro da Universidade, considerada como un centro colexiado dando paso a unha sinxela democracia, escoitando e sopesando as distintas opinións sobor das cuestións que afectan ao desenrolo e ao porvir da Universidade; soio así será posíbel que esta institución sume a necesaria enerxía, capacidade e autoridade, pra se axustar aos novos tempos, pra servir

de guía espiritual e de palanca do progreso educativo que arela a sociedade.

Outra cuestión é a democratización da educación, isto refírese según Frank Bowles ⁶, ao proceso mediante o cal garantízase a igualdade de oportunidades pra a educación. Non é soio a igualdade de ensinanza, o cal lograríase coa "estandarización" dos centros de ensino, é preciso ademáis a igualdade de oportunidades e un ambiente en que se desenvolva o estudante, apropiado.

⁶ *La Democratización*. Inter. Conference on the World crisis in education. Williamsburg, Virginia, 1967.

I

OS DISTINTOS TIPOS DE UNIVERSIDADE

No aitual momento existen fundamentalmente tres tipos ben diferenciados de Universidade: a europea, a americán e a rusa. As Universidades americán e rusa, sendo totalmente diferentes na súa organización, ideales e administración, cumpren a satisfacción, dentro da sociedade na que existen, a función de crear e transmitir o saber, porque cada unha delas é coherente co mundo en que se desenvolve. En cambio a Universidade europea non corresponde aos anxeios a que é preciso dar paso pra atopar unha sociedade sin privilexios fronte á cultura e coa posibilidade de que todos poidan alcanzar os máximos coñecementos que o seu talento, vontade e disciplina merezan pra ser útiles á sociedade.

Dicen Joseph-Ben David e Awraham Zloczower en: "Universidades y sistemas académicos en las sociedades modernas"¹: "A organización académica complexa que se require é a que aparece nos Estados Unidos e na Unión Soviética". A pesar das grandes diferencias que existen na organización, ambos países distinguiron funcións claramente diferenciadas de investigación pura e aplicada e fixeron medrar a educación intelectual e científica, e unha preparación profesional de características eminentemente prácticas. Os dous países conseguiron crear unha gran variedade de institucións de ensinanza superior e de investigación —chámense ou non universidades— e, en

¹ Editorial Seix Barral, S. A. Barcelona, 1966.

consecuencia, institucionalizaron un número moito maior de cargos e funcións académicas que os países da Europa Occidental.

A UNIVERSIDADE EUROPEA

A pesar de ser a Universidade europea o berce da ciencia e da liberdade, pois sin liberdade non hai verdadeira vida universitaria, nin posibilidade de crear unha ciencia fecunda e elevada, está enferma ou avellentada, pois a súa organización, non corresponde aos anxeos nin aspiracións que sente oxe a sociedade. Todo o seu insigne prestixio de templo do saber, de fundamento de docto coñecemento, e de base sólida dun comportamento racional, reflexivo e disciplinado, está en crisis. Crisis dos métodos ríxidos no nombramento dos profesores, crisis das institucionalidades das profesións e dos plans de estudos, crisis dos métodos de enseñanza, crisis dos métodos de examen, crisis de responsabilidade pola súa indiferencia na orientación e control da colocación dos alumnos, pero enriba de todo: crisis de ideal.

Nin a Universidade inglesa, co seu programa de formación human de aristócratas ou líderes, nin a alemá co seu rexo sentido da profesionalidade do saber pra minorías, nin a Universidade francesa, cartesiana, dura e esixente, souperon seguir a andadura da sociedade actual. A Universidade europea reducida e científica, pensada pra minorías superdotadas, con unha gran disciplina intelectual, non soupo seguire o camiño da democratización do saber e por éso a modificación da Universidade que debería ser un ben pra a sociedade, transformouse nun fermento revolucionario de consecuencias incalculables.

Na periclitada idea da Universidade europea, o acceso ao saber e ás profesións intelectuais, pide estar fora de contaminación dos traballos cotidiáns, os aspirantes a un título universitario, teñen a idea platónica de non se contaminar cos problemas prácticos, aspirando a uns coñecementos abstractos e teóricos, que soio moito máis tarde terán valor práctico e de apoio á sociedade.

A Universidade, sede da razón non se racionalizou, non reflexionou sobor da condición human da masa estudiantil que a invadía, puxo o seu acento na selección mediante difíciles exames, e no pres-

tixio do saber abstrato, sin considerar que ese saber está ligado a homes con toda a mistura das pasiós, os defectos e a vida mesma. Non midéu o seu poder pra ser fonte da mellor convivencia dándolle a todos a posibilidade de chegar a un grado de cultura. Non investigóu na condición de aqueles non admitidos, non estudióu os seus anxeios, seu problema vocacional, seu porvir, non quixo contaminarse cos problemas humáns pra soste a súa elevada posición de mirar só o saber como saber.

Francia coa súa gran tradición cultural e científica está a planificar unha universidade pra masas e pra formar tecnócratas e saberá salvar o farallón de caer nunha universidade popular. Pra facer ciencia compre unha “élite” e non é posíbel evitalo.

A reforma chamada “Faure”, polo nome do inspirador, caracterizouse polo desexo de remozamento e de racionalización co propósito de formar tecnócratas, pero reservando un medio máis elevado pra a formación de investigadores na medida que o réximen debía ser competitivo e concurrencial con relación ao sistema norteamericán.

A asamblea de Caen, os debates parlamentarios, a intervención libremente da prensa, dos sindicatos, das organizacións de profesores e estudantes, facilita en Francia o estudo dun plan eficaz, atrevido e afeito ao momento aitual. A axuda ao estudo, o aumento xeneroso de universidades —doce hai na aitualidade en París—, a modificación dos programas e dos exámenes, substituindo o examen final polas notas dos exámenes e exercicios parciais ao longo do curso, con todo isto tratóuse de adaptar o sistema ás necesidades da enseñanza pra masas e ás necesidades dos cadros de tecnócratas e especialistas que a nova técnica e a sociedade precisa. Sociólogos, psicólogos, estadísticos, economistas, directores de empresas, etc.

Pero as grandes líneas tradicionás da sociedade francesa, xerarquizada, racionalista e burguesa, persisten no proieito, aínda que outras líneas tradicionás, non soio foron respetadas, sinón que foron reforzadas. En Francia ningunha selección é admisible, preténdese que todos teñan acceso a todo, e así a ideia foi aumentar universidades con cursos elementaes, hasta o extremo de que este curso 70-71 en París, reducíronse moito os cursos de doutorado (3er ciclo) de matemáticas. Isto parés un dato revelador de que si se pretende que

todos indiscriminadamente cheguen a todo, o ensino necesariamente concentrarásese en cursos elementaes e de tipo medio.

É certo que Francia dispón de organizaci3n tradici3nais como: "L'École Normale Supérieure", que son selectivas e pretenden formar unha "élite" estremadamente competente, e dispón de centros investigadores como o "College de France" que conservan a tradición forte i elevada dos cadros tan destacados da cultura francesa. Pero en este momento a tendencia niveladora e de masificación que apunta a universidade francesa non é envidiable.

Por outro lado a intervención ordeada e democrática dos alumnos, a ceibe discusión de todos os reglamentos e de todas as cuesti3ns, vivificará, sin dúbida, os medios de estudo; sempre que se dispoña dun control que evite a anarquía sin necesidade de valerse da forza pública.

A democracia que pretende valerse de todos, e de todas as opinións, con dereito a ser escoitadas e poder votar pra elixir aos que manden, e que pretende un maior entendemento entre profesores e alumnos, non pode ser benevolente cos que a queren destruír, levándoa á anarquía e provocando desordes, éstes son os mellores colaboradores dos totalitarios que desexan que sea soio un grupo o que imponha os seus dictados.

Na reforma da universidade francesa advértense dous propósitos destacados: facer unha ensinanza de masas e formar os cadros de tecnócratas e investigadores que compren á novae sociedade. Como medios utilízase o aumento de centros de ensino, facer máis liviáns os programas, pero dándolles maior especialización ao subdividir as profesións en moitas outras, dándolle maior intervención aos alumnos, e modificando a relación entre profesores e alumnos, facéndoas máis humanas e coherentes, dando máis rápido acceso aos xóvenes no profesorado, así como permitindo unha maior autonomía ás universidades no sentido de autoxestión, naturalmente con un espírito colexial pra a universidade. A autonomía sin espírito democrático na universidade, sería contraproducente. Dí Edgar Faure² refiríndose á Lei de Orientación Universitaria aprobada na Asamblea francesa en 1968 por 441 votos a favor e ningún en contra: "A lei de orientación é o primeiro texto de dereito universitario que axa intentado definir e reglamen-

² Suplemento "ABC", 23 agosto 1970.

tar algúns aspectos do orden: por exemplo, indica que a ensinanza e investigación implican a obxetividade do saber e a tolerancia das opinións; que son incompatibles con todo tipo de propagandas e que deben permanecer lonxe da influencia política e económica. É o primeiro texto que indica que os estudantes dispoñen de liberdade de información respecto aos problemas políticos, económicos e socias”.

Emporiso nas declaracións de Faure vese sinxelamente como na transformación da universidade interveñen os factores históricos e culturás dificultando a solución; dí que é preciso formar a persoalidade moito máis que transmitir coñecementos, cuestión esencial na miña opinión, pero a tradición europea é conquistar esa persoalidade polo esforzo intelectual; oxe o cambear a universidade transformándose nunha universidade de masas, obriga a diminuír a tensión intelectual, e entón soio completánda coa educación cultural, social e deportiva podería, como nos países anglosaxóns, equilibrar a formación da persoalidade; pero como dixer, a tradición europea e non poñer o acento nesas cuestións complementarias, ás que se lle dá pouco valor, temos pois así craramente á vista un dos motivos de desfase de esta universidade.

A Universidade europea sabe que se téñ de modificar, pra se axustar aos novos tempos, pero non ten seguridade de que valores debe conservar e cáles modificar, nin ten un criterio firme sobor da selección dos que deben seguir unha carreira corta ou de aqueles que poidan obter un título superior. Na actualidade esta selección, corresponde casi exclusivamente á diferente capacidade económica familiar.

A UNIVERSIDADE AMERICÁN

Os centros de ensino superior americán foron copiados no seu orixen dos británicos, e máis tarde influenciados polos alemáns, pero no século actual, pra responder ás esixencias dunha sociedade que se facía urbana e tecnolóxica siguéu novos camiños totalmente orixinás.

O ensino superior norteamericán está completamente descentralizado, cada un dos cincuenta estados ten o seu propio sistema de Universidade, e de Colexios financiados por el.

O Goberno federal, limitase a subvencionar ás Universidades, tanto privadas como públicas e especialmente sufraga os cuantiosos gastos de investigación científica.

É complexa a organización das Universidades en Norteamérica, e tamén alí sofre as consecuencias da transformación da sociedade. Pra Carlos Blanco Aguinaga, é un modelo de Universidade en crisis³, pero a súa organización faina moito máis eficaz e actual que a Europea.

Voume limitar a esbozar as liñas xerás da Universidade dun dos Estados máis ricos e pobladros: o de California⁴. De 1956 a 1966, a poboación do Estado de California aumentou no 42%, pra ser en 1968, 19 millóns de habitantes. O número de alumnos inscritos nas escolas primarias e secundarias chega aos 4 millóns. Neste tempo o número de inscricións nos centros superiores subvencionados aumentou no 157%, superando o crecemento demográfico e económico do Estado.

Os centros de ensino superior están formados por tres categorías: os "Juniors Colleges", os "States Colleges" e as Universidades, cada ún xoga un papel definido de unha complexidade crecente; 600.000 estudantes están inscritos nestes establecementos e pódese calcular que corresponden ao 25% da poboación comprendida entre dazaoito e vinteún anos.

Vou prestar atención a dúas características do ensino norteamericán que son o contrario das nosas e das europeas. A primeira é que o bachillerato americano que se dá nas "high-school", foi concebido pra dar unha educación de masas, non pra formar unha élite intelectual; en consecuencia, é moito menos especializada que as europeas e menos rixida e intensa. Un norteamericán de dazaoito anos, dice Starnier, está menos avanzado no plano de coñecementos, que un francés da mesma idade. Nos dous primeiros anos na Universidade ou nos Colexios, casi todos os estudantes reciben unha enseñanza idéntica e pouco especializada, destinada a mellorar a súa cultura xeral e preparálos pra unha especialización ulterior. Isto permítelles

³ *La Universidad Americana: Modelo en crisis*. La Univ. Edit. C. Nueva. Madrid, 1969.

⁴ Vid: ROGER STARNIER, *Le Monde*, 5 sep. 1968; D. REISMAN, *Constraint and Variety in American Education*, N. Y. Doubledon, 1958; BEN-DAVID, loc. cit.; J. J. CORSON, *Governance of Colleges And Universities*, N. Y. Mc. Graw Hill, 1960.

diferir hasta os dazanove ou vinte anos a elección dunha eventual especialización.

Así, os dous primeiros anos son preparatorios, outros dous son adicados xa ás disciplinas nas que vai especializarse. Un certo número de estudantes abandoa estes estudos (intergraduate curriculum) dimpóis de dous ou tres anos pra entrar nunha facultade especializada, pero ordinariamente os estudantes agardan a obter o seu diploma de "Bachelor of Arts".

A segunda característica é que o diploma de enseñanza media (equival ao noso bachillerato) non depende dun examen final, sinón que é a consecuencia das notas obtidas nos dous derradeiros cursos. Dimpóis de darlle o diploma, o que determina as posibilidades que lle son abertas pra a continuación dos seus estudos está fixada polo conxunto dos resultados nos dous ou tres últimos anos de estudos.

Todas as facultades especializadas esixen estudos preliminares nun colexio de letras e ciencias. Así, por exemplo, as escolas de Medicina, soio admiten estudantes que teñan cursados dous ou tres anos de estudos xerais. Hai pois, unha diferenza fundamental entre a organización dos estudos en Norteamérica i en Europa; no primeiro país o ensino superior especializado está baseado sobre un primeiro ciclo xeral de letras e ciencias, as facultades e escolas profesionais non son como en Europa, estruturas paralelas e practicamente independentes.

O estudante pode dar por terminados os seus estudos e obter o diploma de B. A., pero tamén pode continuar a súa formación pra obter títulos superiores (graduates studies) e iniciarse na investigación. Con dous anos máis de estudos pode obter o "master's degree", que corresponde ao diploma francés do 3.º ciclo, (études approfondies), ou pode continuar os seus estudos de investigación hasta obter un doctorado (Ph. D. philosophie doctor) que representa de catro a seis anos de estudos dimpóis de ser "bachelor of arts".

O Ph. D. é o máis outo diploma norteamericán e non e exactamente o noso doctorado nin tampouco o francés, pois implica ao mesmo tempo a preparación dunha tesis e o pasar unha serie de probas e esámens que, según Starnier, fanno parecido cos esámens pra "agregation" francesa.

A tesis oscila entre a chamada tesis do 3^{er} ciclo francesa e a tesis do Estado. É ben sabido que en Francia hai dous doutorados. Unha vez cursados os estudos do 3^{er} ciclo, o candidato a doctor pode presentar unha tesis elaborada correntemente en dous ou tres anos, pra obter un doctorado de 3^{er} ciclo, pero algúns continúan o traballo durante tres ou catro anos máis pra obter un traballo chamado "doctorado de Estado" que abre as portas pra chegar a ser profesor numerario da Universidade.

A organización norteamericán considerando diversos grados, o primeiro pouco especializado, permite establecer tres tipos de centros de enseñanza superior: os "Juniors Colleges", "States Colleges", e Universidades.

Os "Juniors Colleges", están abertos a todos os que cursaron a enseñanza media e teñan dazaoito anos; en el estúdanse somentes un ou dous anos; estes estudos son unha continuación dos estudos medios, pero ao mesmo tempo dánse múltiples cursos profesionaes. Créaronse estes centros en todas as cidades e vilas, oitenta hai en California, e como xa dixemos non só dan cursos de cultura xeral e inician xa nas disciplinas aos que van a continuar os seus estudos na Universidade, si non que dan multitude de cursos profesionaes de todo orden, pensando en todas as necesidades das máis variadas actividades. Pero pra poder continuar dimpóis os seus estudos nun establecemento superior é preciso que os resultados que obteñan no "Junior College" sexan bós! Os "Colleges", son ao mesmo tempo escolas técnicas, pero como queda dito soio son admitidos nelas os estudantes que foron postos no primeiro tercio dos alumnos que salen das clases terminales do ensino secundario. Esta dura selección pra poder entrar nun "College" aínda se forza máis pra pasar a unha Universidade que son os únicos centros que poden facer doctores e que soio están abertos a un 12% dos que terminan os estudos secundarios. Esta selección non se fai por un examen sinón polas calificacións obtidas nos anos anteriores.

A Universidade do Estado de California é o centro máis elevado do ensino superior; comprende nove ramas (cada unha pode considerarse como unha diferente Universidade). Cada unha de estas ra-

mas dá as ensinanzas completas do primeiro ciclo de catro anos e do segundo pra obter o "master's" neste sentido doblan a ensinanza dada nos Colexios do Estado. Ademais dos estudos de unha Universidade europea, contén as escolas de inxenieros, arquitectura, veterinaria, pedagogía, directores de empresa, escola social..., reúne na mesma organización todos os centros do ensino que, en Europa, dependen a veces de diferentes Ministerios.

Obsérvese que un alumno mediocre nos estudos de ensinanza media, non pode entrar nin na Universidade nin nun College, necesariamente; si quer continuar os seus estudos, deberá ir aos "Junior College", pero si neste centro melloran as súas calificacións nos primeiros anos, poderá, de novo, pasar a eses centros. A selección faise por varios profesores e sempre atendendo ás calificacións dos anos anteriores.

RELACIÓN DAS UNIVERSIDADES AMERICÁN E RUSA COA VIDA NESES PAÍSES

Sobor da Universidade norteamericán, constituída por numerosos centros de carácter técnico, dice o Prof. Latorre, que é unha "multiversity" que é inútil reducir a un principio. A Universidade, tende cada vez máis a converterse nunha organización que comprende cousas moi distintas e cuio carácter comunitario, está en grave crisis ou cecáis perdido en todo. Emporiso a Universidade norteamericán, co seu sentido liberal, coa súa falta de idea central que axunte os distintos saberes, cumple a súa función formativa e educativa, polo medio social en que se desenvolve.

Toda a vida norteamericán, está embebida en unha gran liberdade pra opinar e pra que todos poidan alcanzar calquer posto, con un outo sentido de valor humano e dos seus dereitos. Ese tipo norteamericán de Universidade fracasará en calquer país en que non se acepten unhas ideas liberais en política e non teñan unhas tradicións culturais que complementen a educación técnica e profesional.

A pós deso, a Universidade rusa, como xa dixemos, continúa e leva ao último extremo a idea da Universidade napoleónica: "Meu fin

principal —declara o mesmo Napoleón— ao esablecer un corpo docente, é ter un medio de dirixir as opinións políticas e morales⁵.

O sistema de selección na Universidade rusa, así como a maneira de facilitar os estudos a todos os que teñan capacidade e vocación, co bachillerato obrigatorio pra todos. é perfecto; mais esa cultura dirixida e tiránica é eficaz como emerxencia, mais só o libre xogo das ideas será o único clima axeitado, a longo prazo, pra o desenrolo da ciencia. Así ese progreso científico ruso, básase en medidas acertadas respecto á atención preferente que adica á ciencia, e na bondade dos medios de selección e protección ao alumno; non só sendo toda a enseñanza gratuita, sinón subvencionando a todos os alumnos como si fosen empregados públicos, mentras pasan os seus esámens ou enviándoo a traballar si suspendese reiteradamente. Aínda pode neste caso seguir os estudos, mais será costeándoos el co seu traballo e nas Universidades nocturnas. Pero, en cambio, a prazo longo esa falta de liberdade pra pensar e pra opinar, que hai oxe en Rusia, será unha pesada tara que necesariamente deformará e murchará a súa ciencia.

Son pois dous modelos opostos: a norteamericán, é unha Universidade anárquica en aparencia, pero moi meditada nos pasos intermedios, como xa foi dito, mais que resulta moi eficaz polo complemento formativo dunha sociedade que se sinte orgullosa da súa liberdade pra opinar e dos seus principios liberais de respecto aos dereitos individuais; polo contrario, a Universidade rusa é eficaz, pola tiránica organización coa que pretende controlar de unha maneira racional que cada ún ocupe o posto comenente a un fin estatal.

Esto obriga a non desligar a Universidade das demais institucións. É ridículo falar de Universidades ceibes, alí donde ao pobo non se lle permite elexir os alcaldes; esa falta de plan e coherencia nas ideas

⁵ A Universidade estatal da primeira metade do século aital, non é napoleónica sinón neutral, neutralidade liberal como señala P. Garagorri, no libro citado: "Universidad". Di a continuación que a Universidade hasta mediado o noso século debería acollerse baixo o nome do seu auténtico inspirador: Guillermo Humboldt. A neutralidade liberal das Universidades estatales tiña, como esencial obxeto, garantir a liberdade dos individuos no seu ceibe pensamento. Neutralidade, significa neste caso, e sigue significándoo, liberdade, no seu máis profundo sentido. Precisamente o que algúns deseian son universidades dogmáticas, sin liberdade pra opinar, o que quer decir moito máis napoleónicas.

non leva a ningún lugar, é preciso ser fiel a uns principios fundamentaes, só así poderáse pensar en planificar o desenrolo.

Na reforma da Universidade tamén vai ter transcendencia a aitude que se adopte respecto á liberdade, á crítica, ao diálogo, ao fin do home e ao seu planteamento; ése é o drama, mais non por eso poden deixarse ao azar, sinón estudialos científicamente, incluso deixando ese marxen de indecisión que figura nos feitos biolóxicos. Vemos así que, técnicamente, son moi eficaces oxe dúas universidades totalmente opostas, a norteamericán e a rusa; pero en Norteamérica, non houbo nunca censura de prensa e cree na democracia e no diálogo, na Unión Soviética teñen montada a enseñanza de unha maneira moi eficaz, e con xusticia social envidiable, pero non existe a menor liberdade pra falar nin pra leer.

II

A CRISIS DA UNIVERSIDADE

A CRISIS DE IDEAL

A Universidade europea foi palanca do pensamento que mantivo durante sete séculos o predominio de Europa e da súa cultura no Mundo; pero a Universidade pra ésto, tivo que ir modificándose de acordo coas variacións e os anxeios da sociedade, unhas veces con acerto, outras con retraso. De novo a científicidade da cultura, a economía de consumo, a socialización dos costumes, a posibilidade de proietar que desapareza a fame do Mundo ou a curación do cancro ou ir á Lúa¹, implican unha modificación sustancial da sociedade e ésto obriga, unha vez máis, a modificar a Universidade, non só pra poñerse de acordo cos novos tempos, sinón pra influir reflexivamente neses cámbeos.

A gloriosa tradición das Universidades europeas, encerra valores do maior alcance como é a liberdade pra opinar ou pra buscar a verdade, ou a exaltación da razón e do coñecemento; pero dí Ortega, nas palabras xa recollidas ao principio, que oxe non basta pensar as cousas, deséxase poseélas. A ciencia é un portento humano admirable, pero a sociedade admíraa máis polos seus tanxibles resultados.

A Sociedade modifícase e oxe están en crisis moitos mitos que sostían a súa organización fai poucos anos, entre eles o ter un mo-

¹ É ben sabido que destes tres anxeios escolléuse o terceiro; sin embargo as enormes sumas gastadas nel fan presumible que poideran haber resolto calquera dos outros dous.

delo humano idealizado, e a Universidade que tiña como misión formar ese tipo de home está desorientada e confundida por que parés que quedou sin o principal obxectivo e non sabe polo que o vai a substituír. Xa non será o seu obxectivo formar "gentlemen" nin intelectuales, nin será un obxectivo moral como quería Giner en 1885, ou a reforma intelectual que pedía Ortega en 1930; como dí Maravall², "a Universidade hoxe téñ que axudar a facer outra Sociedade".

A crise da universidade europea reside en que é o reflexo da dúbida dos seus sistemas políticos e económicos. Oscilan entre un novo capitalismo imaxen do norteamericán cheo de vitalidade, pero achegado sobor de imperios económicos e implacable cos países subdesarrollados, ou unha economía socialista. Este titubeo entre liberalismo a ultranza, neo-liberalismo, co mercado común tanto prestixio, socialización, tiranía económica do Estado, ou liberdade de especulación, refléxase tamén na organización da Universidade.

En España, aínda que padecemos os mesmos titubeos que os outros países europeos, o ter unha universidade menos significada permite na nova ley de Educación, inclinarse, polo menos na organización técnica, decididamente polo sistema norteamericán. A nova reforma está inspirada na proliferación dos colexios universitarios, pra facer unha enseñanza de masas e soste o prestixio das universidades. A neutralidade da universidade do Estado, o seu alto nivel científico, o seu espírito esixente foi exemplar. A nova universidade téñ ante sí a socialización dos ensinos, a formación dos tecnócratas e o adaptarse o ensino continuado do profesional ao longo da súa vida.

A Universidade non se preparou suficientemente pra impulsar unha sociedade máis xusta, está vella ou desfasada; por eso a moxeridade que conserva vivos os ideais de superación síntese decepcionada por esa Universidade que non proietou un mundo mellor e máis racional, en donde a paz entre os homes non esté sostida por aviós voando continuamente con bombas atómicas e submarinos escondidos prontos a descargar o seu armamento pra destruír a países enteiros.

A Universidade precisa ser o ensaio consciente do que logo vai ser a Sociedade, e pra ésto ten que ter unha sinxela idea do que aneicia e proieta, con unha organización máis colexial.

² "El Problema Social de la Universidad española", loc. cit.

A crisis enorme e fonda da Universidade é crisis do ideal da sociedade europea que non sabe o que quere, e cando pretende expresálo, quedase nun feixe de béns materiais, fartura, comodidades e ocio; así dá lugar a que outros falen, dos instintos liberados e de crebar todas as leis moraes de represión, pero háse de alucar que os segundos son soio seguimentos dos primeiros, e desa civilización de consumo que está disposta a matar e a vengarse sempre que poida, incluso soio por motivos de prestixio como está ocorrido.

DEFEUTOS DA UNIVERSIDADE

Das oito deficiencias da Universidade española que señala Lain Entralgo na súa recente publicación: "El problema de la Universidad"³, os máis deles son comúns ás Universidades europeas⁴.

Na enumeración de defeutos, úns corresponden a situacións políticas inevitables, que só a modificación das causas permitiría que desaparecesen. A función da Universidade será crear un clima intelectual apropiado, pero pra isto precisa ter sentido dirixido por un ideal de convivencia e isto xa é un difícil problema si a situación política non ten os mesmos anceios. Os outros puntos refírense primeiro a diferenciar ben as dúas funcións de formación dos profesioaes por un lado e dar coñecemento e formar investigadores polo outro; ademáis háse de atender a distribuir ordeadamente a masificación e a conseguir despertar vocacións.

As profesións que deberán estudiarse na Universidade non están ben ensambladas coas profesións auxiliares medias, pra que éstas poidan ser paso pra outras, nin están estudiadas nin organizadas racionalmente en un plan científico meditado. Pero tamén podemos decir

³ Editorial Cuadernos para el diálogo, S. A. Madrid, 1968.

⁴ Na Asamblea que houbo en Caen (FRANCIA), organizada pola "Asociación de Estudos pra a expansión da Investigación Científica", presidida polo ilustre físico e matemático Prof. A. Lichenorowicz, con quen puđen cambear ideas nos seus viaxes a Santiago, defendéronse como causas máis importantes da parálisis do ensino superior: O carácter uniforme do ensino, a rixidez da distribución xeográfica das facultades (xigantismos dunhas, atrofia doutras, a separación das facultades como compartimentos estancos, as ciencias sociaes distribuídas de maneira arbitraria entre as Facultades de Dereito e de Filosofía e Letras, necesidades de os profesores o sean de Universidade non de Facultade. Autonomía universitaria. Necesidade de contratar a investigación directamente entre a Universidade e as empresas. Reducir o bachillerato. Contrato cos profesores. Vid.: *Revue de l'enseignement supérieur, L'Université face à sa réforme*. Le Colloque de Caen, 4 (1966). S.E.V.P.E.N. París.

o mesmo da economía ou do benestar social, que tamén vai a depender da organización científica é técnica.

Non creo que sexa preciso insistir en cómo a organización da ensinanza está dirixida polos dous imperativos da eficacia científica e racionalización, e como é comenza do Estado alar a formación cultural de todos os individuos, non só por motivos moraes, sinón por comenza económica e de fortalecemento da Nación, así como de tratar de utilizar aos mellores e mellor dotados pra aqueles estudos que requiren condicións intelectuaes escepcionaes, así como unha maior xusticia social logrando o que se chama: "a igualdade de oportunidades". Son estes dous anceios os que afectan máis directamente á organización universitaria; pero por riba de todos eles, como pauta necesaria que non señala o Prof. Lain Entralgo explícitamente aínda que figura no seu espírito, así como nos de casi todos os que desde unha banda da cultura española anceian a modificación das estruturas universitarias, está a racionalización e a planificación dos métodos e da organización, poñendo craramente os obxetivos a lograr e adicando o esforzo económico necesario ⁵.

Outra das taras máis graves que arrastra a Universidade europea é o seu sentido clasista ou de "élite". Dí F. Bowles ⁶: "Cando os sistemas inglés, francés e alemán, serviron como modelos no mundo, non estaban democratizados en ningún sentido da verba. Eran fortemente "elitistas" pola súa natureza e convertíronse, a través de seus imitadores, nos modelos de sistemas pra educación "elitista" en todo o Mundo".

⁵ Na conferencia pronunciada por D. Enrique Laroque, o día 8 de xunio de 1966, na sesión de clausura do pleno do Patronato "Juan de la Cierva" titulada: *La política científica y su repercusión en el desarrollo*, mostra sinxelamente como si non se modifican as nosas inversións na ciencia multiplicándoas por dez, perderemos de novo a oportunidade de sumarnos a Europa, como xa a perdemos cando a primeira industrialización no século XVIII. Dí o seguinte: "En 1965, Estados Unidos invertiron 21.000 millóns de dólares en investigación e desenvolvemento". "En 1962, Francia gastaba (en inversións e investigación), 1.266 millóns de dólares. O Xapón, en 1965, 1.500 millóns de dólares. Comparemos estas cifras cos 35 ou os 40 millóns de dólares a que suben os esforzos da política científica española", "poderíamos dir que a cuantía das nosas inversións é, pois, pequena en termos absolutos. Mais en termos relativos, resulta que Estados Unidos, está invertindo entre o 3 e o 3,5%, do produto nacional bruto. Gran Bretaña, invirte algo máis do 2%; Francia, Alemania, Holanda, Xapón, veñen a invertir entre o 1,5 e o 2%; nós, estamos no orden do 0,3%". "Logo, comparativamente, tampouco a situación é brillante".

⁶ Loc. cit., pág. 2.

A Universidade e os centros de ensino superior deberán ser paso obrigado pra moi variadas profesíós, que oxe non teñen organizado metódicamente o seu ensino, así ao entrar na Universidade xente de todas as clases sociaes deberá existir un sistema fácil de selección atendendo á súa intelixencia e condicións personales pra que cada ún poida seguir os estudos de acordo coa súa vocación! Esta selección débese facer polo expediente dos seus estudos anteriores e con centros superiores de distinto abranque.

As profesíós que deberán estudiarse na Universidade están formadas polas clásicas que xa tradicionalmente se estudian na Universidade: Medicina, Farmacia, Ciencias, Ciencias Económicas e Políticas, Dereito, Filosofía, Letras e Veterinaria, así como todas as inxenierías que se cursan nas escolas técnicas superiores e medias que deberán subdividirse en moitas máis; pero ademáis, moitas outras, que aínda non están nin tan siquer esbozadas, consecuencias do estudo das novas humanidades a que nos referimos máis adiante, e que esixen en todos os casos unha organización con sentido racional orientándoas con intención de aplicar a razón e a lóxica pra investigar toda clase de feitos e experiencias.

Temos, pois, así, os feitos que obligan a pensar en adaptar a Universidade aos tempos modernos; soio con estes supostos, sería fácil unha reestructuración. pero van entrar en xogo moitos outros supostos que encerran ideoloxías, atavismos e filosofías que ten difícil e enrevesada solución.

A Universidade non só formará aos profesioaes dándolle esas técnicas, sinón que ademáis terá na racionalización dos saberes dos seus membros, un instrumento eficaz pra que os máis audaciosos e destacados anceien alcanzar os postos dirixentes como medio pra actuar sobor da Sociedade. "A Sociedade —dí Ortega— necesita bós profesioaes, xueces, médicos, inxenieiros, e por ésto está ahí a Universidade coa súa enseñanza profesional. Pero necesita denantes e por riba de éso, asegurar a capacidade en outro xénero de profesión, a de mandar". "En toda Sociedade, manda alguén, grupo ou clase, poucos ou moitos. E pra mandar non entendo tanto o exercicio xurídico de unha autoridade como a presión e influxo difusos sobor do corpo social". "Oxe mandan nas sociedades europeas as clases bur-

⁷ Loc. cit., pág.

guesas, a maioría de cuíos individuos é profesional. Importa, pois, moito, a aqueles que éstos profesionales, aparte da súa especial profesión, sexan capaces de vivir e influir vitalmente según a altura dos tempos”.

RELACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE E A SOCIEDADE

Non son somentes profesioaes nin é a ciencia o que algúns grupos desexan orientar ao seu gusto, o que anceian formar son os dirixentes. Os seus anceios son desentenderse do total de esa masa de alumnos e tratar de formar un grupo selecto de dirixentes pra defender unha clase determinada. Frente a eses, outros desexamos que se forxe un ideal, non só a escala nacional, sinón pra toda a Humanidade, que defenda úns principios de hirmandade, de democracia, de libertade pra opinar, de dereitos humáns, que teña presente na súa orientación intelectual os principios do Concilio Vaticano II, e eso pra todos, altos ou baixos, pra que chegen aos postos máis elevados aqueles que os merezan e sosteñan eses principios. Máis adiante, veremos que os dirixentes poden sair de moi distintos estratos sociaes, e por tanto, non é ésa función específica da Universidade.

Todos os pobos da terra anceian bós médicos e inxenheiros, que organicen e salvagarden a saúde pública e fagan as mellores obras técnicas, pero no momento da organización dos estudos non se pode esquencer que o porvir da sociedade tamén vai dependere, e cecáis en maior grado, da convivencia, do orden público, da posibilidade da crítica, do conceuto da libertade, ou pra decílo con unha sola verba, dos ideás que alentan eses profesioaes, que serán en parte a proieución do ideal que anima á Universidade como forxadora de unha concencia.

O soio feito de creer que á Universidade é pra formar unha “élite” intelectual, xá e tomar partido pola anterga Universidale.

A nova Universidade cos Colexios Universitarios, ten outro carácter máis popular, nos primeiros anos, polo menos, e unha das súas funcións coincide en gran parte coa idea na que machaconamente insistía Ortega de que a Universidade debe ensinar primordialmente a cultura e transmitir á nova xeneración os sistemas de ideas sobor do mundo e o home, que chegou á madurez na anterior.

Visto así, pra ser un home do seu tempo é preciso pasar pola Universidade, entendendo por Universidade o conxunto de centros superiores, e comprender a importancia e interés de que haxa modo de que esté sempre aberta a todos, pra poder convivir nunha mesma cultura e na mesma etapa da súa evolución.

OS MEDIOS DA UNIVERSIDADE

Respeito aos medios da Universidade e a quen lle corresponde creálos, é unha cuestión espiñenta que habemos de esaminar brevemente; os medios parece que deben proceder do Estado, na organización actual é unha garantía de independencia e de xusticia que a Universidade esté libre da influencia de un grupo ou de unha organización con outros fins alleos aos que tén a Universidade; en estes centros e con outras preocupacións distintas ás educativas, ben sexan políticas, relixiosas ou de clase, sométese unha gran deformación dos fins propios da enseñanza e educación, ademáis, por outro lado, a dependencia económica de un grupo de presión obriga a un sometemento que envilece á Universidade e faina cativa a obrigar a intelixencia a unha humillación. Por outro lado o exemplo norteamericán, tan citado, proba que incluso alí o grande esforzo económico corresponde ao Estado, non só subvencionando a maior parte da investigación, sinón creando o sostendo os máis dos centros como en California ⁸.

⁸ Di Antonio Tovar na sua obra: "Universidad y educación de masas", Edic. Ariel, Barcelona, 1968, pág. 105: "Confieso que yo, aún con mi experiencia de los Estados Unidos, país tan peculiar y poco apto para imitar en pequeña escala, soy de los que padecen lo que llaman "obsesión estatista" y sigo pensando que en España sólo el Estado puede dirigir y llevar la enseñanza, en primer lugar la superior (y probablemente también los otros grados, pero ahora no vamos a discutir la cuestión). Y estoy convencido de eso, primero, porque sólo el Estado, un Estado gobernado de modo racional y con fe en las fuerzas de la inteligencia humana, garantiza la libertad de investigación".

III

A UNIVERSIDADE POSITIVA

A NOVA UNIVERSIDADE

Xa vimos como a ciencia móstrase eficaz na súa racionalidade pra acadar investigar nos medios de acción, non soio sobor da natureza física sinón tamén sobor do home mesmo, co psicoanálisis, e sobor da vida ou a sociedade ou sobor da política e socioloxía; ésto obriga a proieutar un novo tipo de Universidade de carácter positivo, dominando sobor do espírito retórico e discursivo; nesa Universidade, as novas humanidades serán organizadas como investigación empirolóxica, pulsando o real acontecer e sometendoas ao análisis racional, pero non como unha ciencia completamente feita, sinón buscada no avinzamento dos feitos inmediatos e os anceios que dirixirán os futuros descubramentos. Hánse de analizar datos e propoñer os estudos con un sentido activo e configurando teorías que engloben o maior número de resultados conocidos, dándolles especial valor ao método e o sistema, pero en donde os datos estarán tomados do análisis experimental da realidade. Aínda refiríndose ás mesmas ciencias chamadas positivas é preciso completar os laboratorios con fábricas piloto, en donde poidan ensaiarse técnicas e procedementos, co control práctico imprescindible. Dí o Prof. Aranguren, no seu artigo xa indicado¹: "A antigua Universidade "metafísica" tende a ser reemplazada pola

¹ "El futuro de la Universidad española". Cuadernos 62. Julio, 1962. París.

Universidade positiva (que non se debe confundir coa chamada Universidade técnica). Paralelamente debemos ver agora que o humanismo conformador de aquela Universidade, debe ser sustancialmente modificado por un novo ingrediente: o das novas humanidades. Así como a filosofía do futuro xa non será unha “metafísica” seguida da ciencia, tampouco a Universidade poderá seguir sendo un modo lúdico de existencia, separado da vida real... A Universidade, nas súas reaccións de filosofía e dereito, ten que abandonar o aspecto entre “metafísico” e “literario” ou retórico que oxe presenta”.

A preparación, racional e metódica en todas as profesíons e especialidades que oxe déixanse ao libre albedrío de cada ún, levará a que apareza unha chea de profesíons medias que permitan racionalizar a produción en todos os órdenes. Cada inxeniería desdoblaráse en un gran número de pequenas especialidades que non precisan un longo aprendizaje, e, así, a produción de calquer aparato, nunha laboura determinada, ou o planteamento de un problema económico ou social, terá o seu técnico idóneo.

A Universidade é un centro donde se fai a ciencia e eso debe configurar toda a súa organización, pero ademáis ha de ter a posibilidade de modificarse ao longo do tempo adaptándose ao progreso, ha de considerar ao estudo e a investigación como unha actividade permanente do home, non un período que remata aos vintacinco anos, e con un riguroso sentido de que cada home acade o posto que lle corresponda pola súa intelixencia e capacidade de traballo e polo seu sentido moral, obrigando a que cada alumno teña a capacidade axeitada pra pasar ao grado máis elevado seguinte, pero dándolle a posibilidade de adequirir os coñecementos na profesión na que teña capacidade, e unha cultura que avale a súa persoalidade. Poñer o acento na racionalidade da ciencia que pide un sentido inquebrantable do rigor, do método, do sistema pra ordear as experiencias inevitables pra chegar ao coñecemento, pero completando a formación co ambiente artístico e literario e coa chamada formación humanista.

A autonomía universitaria da nova Universidade positiva, reforzará á colectividade que representa a Universidade, sendo de carácter non soio administrativo, sinón con autoridade pra botar sobor da propia Universidade a responsabilidade de nomeamento e elección do profesorado e pra promocionar moitos dos títulos profesionaes que oxe

esixen facer oposicións en Madrid. Pero neste punto é preciso coidar moito de non se trabucar dos anxeios de moitos que o que buscan non é unha autonomía pra a colectividade que constituíe a Universidade; sinón pra poder ter máis poder personal ou pra facélo depender de un Patronato extrauniversitario. Mentras a vida colectiva da Universidade non se desenrole, mentras non funcione a Universidade como unha institución na que esista o Claustro como órgano consultivo ou comisións nas que figuren os cadeirádegos e profesores, é contradictorio falar de autonomía da Universidade, posto que polo de agora non existe como institución na que os seus membros poidan falar e discutir entre sí sobor dos problemas da Universidade e pra tomar acordos; e si a Universidade non existe como institución colectiva, ¿qué sentido tén falar de autonomía da Universidade? ¿En dónde poden oxe falar sobor das cuestións universitarias os catedráticos e profesores de dereito, poñamos como exemplo, cos profesores das ciencias? Si nos proietos e reformas sobor da Universidade non é ésta consultada como colectividade, ¿qué sentido ten falar da autonomía pra Universidade?

É preciso distinguir os tres ciclos en que se considera dividido o ensino superior, sendo o primeiro ciclo común pra estudos de moi variado xeito e pra moitas diferentes profesións, podendo así o alumno completar os estudos do primeiro ciclo con cursos de especialización e acadar unha profesionalidade; é decir, pra que aquel que non desexa seguir unha longa licenciatura poida ter unha formación profesional, de acordo cos cursos seguidos, completándoos con asignaturas técnicas.

Moitas profesións que son oxe obxecto de oposicións, deberían conseguirse mediante cursos de especialización na Universidade, como por exemplo: profesor de enseñanza media.

SOCIALIZACIÓN DOS ENSINOS

Nun estudo recente sobor dos problemas españois dícese²: "A enseñanza universitaria, por riba de todo, está fundamentalmente sos-

² "Cartas del Pueblo español". Afrodisio Aguado, S. A. Madrid (1968).

tida polas clases sociaes máis modestas en favor dos fillos da burguesía”.

O alumno universitario cos dereitos de matrícula e cos demais aranceles académicos, soio costea o 20% do importe da súa ensinanza. O 80% restante, págao o Estado, ou, o que é o mesmo, o contribuinte.

Entendendo por Universidade o complexo de centros de distinto abrangue en donde se cursen ensinos superiores, deberá estar aberta a todos. Pra ésto non abonda con que a ensinanza sexa gratuíta en todos os grados, como xa queda dito; é preciso estudar a posibilidade de dar unha pensión nun colexio maior aos que polos seus medios o necesiten³. Háse de fomentar unha Universidade con sentido crítico, con liberdade pra investigar e buscar a verdade, profesores en número proporcional aos alumnos, escolas de formación de posgraduados, pláns de construción de edificios adecuados aos 250.000 alumnos que se agardan en 1975⁴, contratos de investigación remuneradores, que atraian aos mellores á ciencia, pláns racionaes de distribución de centros en proporción aos habitantes da rexión, tragner profesores estranxeiros naquelas materias, que son moitas, nas que aquí non hai especialistas. Planificar a orientación dos alumnos pra non malgastar esforzos, orientándoos cara as profesíons pra que sirvan. Máis da metade dos alumnos non logra terminar a súa carreira pola falta de profesorado, o que transforma ás Universidades e aos centros técnicos su-

³ Tamén o P. Arrupe, Xeral dos PP. Xesuítas, nunha carta dirixida aos PP. Provinciales de Iberoamérica e que comenta o diario “ABC”, do día 12 de febreiro de 1967, dí en un dos seus puntos: “Debemos preguntarnos si las clases acomodadas no recibieron en nuestros colegios confirmación de sus prejuicios de clase”.

⁴ A Organización Europea de Cooperación e Desenrolo (O.E.C.D.), á que o Goberno español, confioulle un estudo sobor das necesidades do país a plazo longo en cuestións educacionaes, mostra entre os obxetivos a lograr en 1975, os seguintes: (Boletín Informativo de Documentación N.º 39, Secretaría General Técnica. Ministerio de Educación Nacional) 1) “Elevación do ensino primeiro nun cen por cen. 2) Elevar o ensino secundario nun coarenta e oito por cen. 3) Os alumnos do ensino técnico e xerales deberán chegar en 1975, a máis de dous millóns. 4) Farán falta 70.000 profesores; en 1960, existían 25.000. 5) O ensino superior deberá aumentar en 64% pra os mozos comprendidos entre 18 e 24 anos; quer decir, que deberán conseguirse máis de 200.000 estudantes universitarios (96.000 en 1968).

En 1975, os gastos destinados ao ensino público e privado deberán ascender a 66.000 millóns de pesetas. En 1961, foi de 14.000.

A precios constantes e en función de produto nacional bruto equivale a pasar do 1,8% ao 4%, que máis ou menos é o que actualmente gasta Francia da súa renta.

periores en centros examinadores e selectivos, pero non enseñantes. É imprescindible que os laboratorios e centros experimentaes sexan proporcionaes ao número de alumnos. Téndese a un ensino de signo positivo, en donde a orientación das novas humanidades a que se refire Aranguren: a antropoloxía, a psicoloxía positiva, o psicoanálisis, a Socioloxía, a socioloxía do dereito, a ciencia política, a ciencia da administración, etc., sexan estudiasdas con sentido racional e lóxico, non retórico e literario.

Pero sobor de todo o problema da nosa Universidade e da Universidade europea devandito é establecer un centro intermedio entre o centro secundario e a alta Universidade, en donde cursarían os seus estudos só os que teñan un bó expediente, problema que de maneira tan crara i efectiva ten resolto Norteamérica.

Ese centro soio con estudos do 1.º ciclo deberán oxe espallarse por todas as cidades; é unha esixencia do momento da masificación da Universidade; outros centros poderán chegar hasta o segundo ciclo, son os Colexios Universitarios, de que fala o "Libro Blanco" do Ministerio de Educación e Ciencia, pero estes colexios deben complementarse con enseñanzas de tipo cultural e profesionaes, pra a que os que non teñan vocación, nin obteñan as calificacións suficientes pra pasar á Universidade, poidan, sin embargo, obter un título profesional e os coñecementos correspondentes. É pois imprescindible a unión da Universidade e das Escolas Técnicas, nun Centro Superior, establecendo ademáis eses centros ou Colexios de que xa se fala no "Libro Blanco" en donde se poidan cursar os primeiros anos e obter determinados títulos profesionaes.

A unión da Universidade e da Escola Técnica, sería beneficiosa pra ambas. A Universidade enriqueceríase, con máis sentido práctico, abranguería máis, modernizaríase e os seus integrantes fundamentaes estenderíanse. O mundo técnico faríase máis reflexivo, o seu sentido experimental converteríase en cuestión, a súa afirmación e limitación, a súa arrogancia co seu sentido empírico chegaría a unha conceución máis fonda e con meirande relación coa cultura da época.

A UNIVERSIDADE E A CENCIA

Hai dous feitos decisivos na modificación da aitude da sociedade cara a ciencia, e as profesíons intelectuales. Unha é a eficacia sor-

prendente da ciencia, que logra, por exemplo, curaci3n inesperadas, desterrando en poucos anos, enfermidades que eran azoute da humanidade, aparatos pra voar, pra ver ou pra mandar un home ao espacio que parecían somentes ser sonos imaxinativos de mentes literarias, investigaci3n sobor do orixen da vida, ou estudar as modificaci3n dos estigmas hereditarios, ou o desenrolo de plantas e de animais, que nos deixan ao borde de preocupaci3n trascendentes e que nos desacougan, como a posibilidade de lograr un ser vivo da materia inerte. Esta eficacia da ciencia, estendida a todas as actividades, é, ao mesmo tempo, a eficacia dos métodos racionaes. da estadística, do planeamento da acci3n, do análisis psicol3xico, do estudo met3dico do individuo e das multitudes. É decir, por unha banda temos a eficacia material da ciencia, que permite obter en todos os 3rdenes prácticos e co apoio da técnica resultados tanxibles e asombrosos. Neste mesmo orden a ciencia é algo máis que unha maneira de facer, se non plantea o trascendente, pero analiza e investiga a verdade sobor a natureza, e a forza de esa verdade e que o seu control é a esperiencia. Esta situación proiect3u sobor da humanidade unha sensaci3n peligrosa de materialismo, considerando a ciencia como talismán que o permitirá todo. Desde este punto de vista é esencial analizar os límites da ciencia, pra non lle dar máis valor do que tén ao seu poder. A concencia do trascendente como límite mesmo, en cuesti3n como a determinaci3n da data do comenzo do Unvierso, é importante, porque fixa sinxelamente que a ciencia reina exclusivamente frente ás esperiencias. Tamén é importante saber do seu indeterminismo, por ser os seus principios soio leis estadísticas sin valor absoluto, sin3n somentes con valor práctico. Non é que a luz sexa onda e corpúsculo, é que éso é unha presentaci3n groseira de unhas funci3n matemáticas que resultan útiles pra condensar as esperiencias conocidas. Dentro de algúns anos novas esperiencias obligarán a representar ese raio de luz por outras funci3n e por outros esquemas. A ciencia é provisional, mostrando feitos asombrosos da Natureza, pero o seu propio análisis déixanos ás portas da filosofía, pra seguir é preciso cambiar de medios de control, non só será a esperiencia obxetiva, sin3n que van a mesturarse valores morales o emocionales; toda a vida na súa complexidade como norma, concencia e intelixencia, estará presente, e o misterio do imposible a raz3n háse de pretender desvelar xunguindo todos eses valores, incluso a nosa mesma vida racionalmente.

Pero a ciencia, por outro lado, non soio logrou prestixio pra ela mesma, sinón pra o método empleado no seu desenrolo, e éste é o segundo feito que estamos vivindo, a racionalización de todos os elementos da sociedade. Así, por exemplo, estúdanse racionalmente con esquemas, plás, análisis dos datos e controles estadísticos, non só as ciencias da Natureza, sinón tamén todas as cuestiós económicas, sociais ou psicolóxicas, todo o que afecta o individuo como o que se refire á familia e á sociedade. Igual se plantea o cultivo favorable pra unha rexión que o desenrolo económico de unha Nación, que se estudan as áreas do mundo mal alimentadas ou invéstigase a comenencia, desde o punto de vista humanitario, atendendo aos mortos de fame, ou aos problemas socio-económicos ou relixiosos, do uso da píldora anticoncepcionista, ou faise o estudo do cerebro humán desde o punto de vista da cibernética. En todos os casos, a eficacia da ciencia, pra obter a enerxía ou trasmutaciós dos seres vivos no laboratorio, ou saúde, ou instrumentos que realizan feitos que semellaban imposibles, revaloriza aos métodos racionaes. A racionalización en todos os órdenes, incluso nos medios de dirixir unha democracia ou unha tiranía, é o novo feito que obriga a un replanteamento de todas as cuestiós en todos os órdenes. A sociedade en xeneral, cree na ciencia como unha panacea universal que nos leva a un mundo feliz, como, ás veces, creía inxenuamente Bertrand Russell.

As posibilidades da ciencia no mundo moderno, obligan a estudar incluso problemas de orden emocional ou sentimental, como é o amor, con un sentido estadístico, social ou económico; pero as directrices profundas que se invoquen serán substractos dún conceuto da vida, de unhas tradicións e das ansias primitivas, atávicas e incluso instintivas.

A ciencia dá os medios, pero, as decisións e os fins, dedúcense do complexo "idearium" no que se suman: razón, costume, tradicións e ideoloxías.

Mais si todo o emocional, así como o moral, a ética, a filosofía, a relixión, quedan ao marxen da ciencia empirolóxica, xa se comprende que cando se trata de ordear a vida e a felicidade, a ideoloxía intervirá en menor ou maior grado aínda tendo ideas filosóficas básicas. Pero do que se trata non é de querer que a ciencia, con un sentido

materialista, sexa o que determine a acción en todos os casos, sinón
sinxelamente que o faga alí donde pode facelo, non ocupando o terreo
que corresponde ao sentimento ou á metafísica, pero, tampouco pre-
tendendo considerala como mero instrumento cego naquelo donde ve.

IV

A FORMACIÓN E A EDUCACIÓN NA UNIVERSIDADE

Foron discutidos moi diversos fins pra a enseñanza universitaria; tales como a formación de "gentlemen" preconizado por Newman, homes cultos según Ortega, científicos proposto por Jaspers. Paralelamente a Universidade pasóu por varias etapas: A Universidade medieval, que nace do espírito que dou vida á burguesía. Estudantes e maestros das antigas escolas influídos pola nova mentalidade burguesa, asócianse en corporacións autónomas como os artesáns nos seus gremios. Pero a causa da grandeza da Universidade medieval, dice o Prof. Latorre, está en que é adecuada ao seu tempo, enséñanse nela os saberes da época. A concepción medieval do mundo é armónica e articulada nun plano xeneral, tendo por centro a Deus e á Teoloxía por reina das ciencias, e a Universidade reflexa esa unidade de espírito.

A partir do século XV, decae a Universidade, pola división da sociedade en grandes grupos disidentes, en gran parte influídos polas guerras de relixión e as nacionalidades, e de 1600 a 1800, a Universidade vive de costas ao progreso cultural científico, por querer soster unha formación ligada ao pasado inadecuada. En algúns Estados, entre eles España, a Universidade leva unha vida lánguida nestes séculos, hasta que no século XIX, a Universidade estatal, según o modelo napoleónico, centralizada e xerárquica, logra revitalizala polo seu culto á ciencia e á liberdade pra investigar. A idea de Napoleón é de signo totalitario, diríamos oxe, posto que inicialmente pretende

dirixir desde o Estado as opinións políticas e morales¹; pero o seu efecto, a pesar de esta tara, o liberar as conciencias do fanatismo e do temor á cencia, é favorable, porque logra modernizar as novas institucións e porque sucede o contrario do que agardaba Napoleón. A Universidade sin influencia dos grupos de presión, coa independencia que lle prestaba o Estado, tuvo liberdade pra buscar a verdade; o seu inspirador, como xa dixemos, foi Humboldt. A Universidade está tan lonxe de poder voltar ao sentido gremial medieval, como están os sindicatos, con centos de miles de asociados e casi todos os seus problemas e reivindicacións, frente aos artesáns e gremios de aquela época.

Nalgúns países a Universidade neses séculos que van do XVI ao XVIII, faise o que Aranguren chama a Universidade "metafísica", deixando de ser teolóxica. "A cencia moderna enteira", dí o Profesor Aranguren, "foi montada sobre os conceptos metafísicos da natureza e da causalidade". "A Universidade moderna, especialmente nos seus máis outos exemplos, Oxford, Cambridge, e as grandes Universidades das pequenas cidades alemás, representaban unha forma total de vida, ligada ao modelo humanístico da existencia". "Este sistema basaba a acción da Universidade na creación dunha forma de vida integral, que comprendía desde as creencias fundamentaes, hasta os modales e ademáns e o modo de pronunciación, pasando polas convencións políticas".

Esta aitude fundamentalmente dirixida á formación dunha clase con apetencias de poder e mando, con un ideal de non contaminación coa plebe, tivo a súa época, pero sería anacrónico e reaccionario o querer resucitálo en centros particulares. A formación é esencial, e háse de lograr na Universidade e nos centros en que ésta se subdivide, pero esa formación ten de estar chea dos ideales que poidan ser o motor do noso traballo e do noso vivir dentro da sociedade de oxe. Estes ideales han de corresponder ao momento histórico con miras ao futuro. Esa formación con sentido clasista e de "élite" non se distinguindo polo saber, sinón pola clase de procedencia ou por

¹ Dí A. Latorre en: *Universidad y Sociedad*, p. 29: "La Universidad Imperial creada en 1806, y organizada dos años más tarde, es algo muy distinto de lo que tradicionalmente se había entendido como Universidad. Es un organismo estatal al servicio del Estado que la financia y la organiza y que fija no sólo sus planes de estudios, su admiración y el nombramiento de profesores, sino hasta la moral pública que ha de inculcar a sus discípulos".

pertencer a un "clan" ou grupo político, protexido por unha organización minoritaria, será un grupo político ou unha secta, pero non encarna os ideais cristiáns nin sociolóxicos, nin científicos do momento; é necesariamente unha rémora no progreso do país.

Protesta Jaspers do concepto da Universidade como forxadora de conductores de pobos: "Os conductores", dí, "proveñen de todas as clases e capas sociais. Pericia non se obtén somentes na Universidade, a formación académica neste caso non outorga ningunha prerrogativa. Seguramente quería-se que o conductor tivese espiritualidade, mais velahí que a miúdo son de outra calidade. O mundo non é o estado platónico dos filósofos. Vontade de poder, resolución, circunspección, golpe de vista pra as concretas realidades do momento, actuación práctica e acerto, especiais condicións do carácter son o decisivo. Os conductores poden proceder tamén do círculo de formación académica, mais o tipo corrente de académico non corresponde ao de "conductor". De cote insiste en que tamén o sacerdote, o médico, o mestre, son "conductores", soio nun sentido limitado, xa sexa pola súa autoridade formal (que non ten que ver coa idea da Universidade), ou pola súa humanidade e espiritualidade que se impón a través da persoalidade individual ou por unha pericia útil á sociedade.

Temos de percurar ese equilibrio entre a formación e a ciencia, compango da ciencia e do coñecemento empírico e a necesidade de forxarse home íntegramente. Pra ésto é preciso aclarar primeiramente que imos entender por formación. Dí Jaspers²: "Formación é un estado adequirido". Chámase formado a un home que leva impresos os rasgos correspondentes a un determinado ideal histórico. Ten así unha segunda natureza constituída polo conxunto de representacións, movementos, valoracións, modos de falar e capacidade.

Formado estaba o grego na súa kalokagathia; o román na súa aitude cuidadosa do *decorum* e do *honestum*; o inglés como *gentleman*. Os ideais de formación poseen un modo de comportarse de acordo coa clase de donde proceden (cabaleiros, sacerdotes, monxes, burgueses); de acordo tamén coa esfera espiritual determinante (homes de mundo, artista e poeta, investigador); de acordo coa materia dominante (o sentido músico, a capacidade e o saber escolásticos; a forma-

² Loc. cit., pág. 417.

ción lingüístico literaria; a capacidade técnico-científica-natural); derradeiramente de acordo coa institución na que se adquire a formación (gimnasio, a vida pública na ágora, a corte principesca, o salón ou a Universidade). É común aos ideais de formación o sentido da forma e do autodominio, e tamén o sentido de que, polo exercicio, a formación debe transformarse nunha segunda natureza, como si todo fora innato e non adquirido”.

“Non formación, sinón soio un momento da formación, é aquela chamada formación especializada (por oposición á formación xeral), isto é, o desenrolo dunha profesión determinada e que precisa unhas coñecementos e unha destreza especial”.

“Non formación, sinón unha consecuencia da formación é a prerrogativa que outorga un privilexio social”. “Entre nós chámase formado a aquel que posee os certificados das escolas superiores e antigualmente soio ao que poseía os do gimnasio humanista”.

Nalgunhas ocasións un pobo enteiro sínteo como seu ideal de formación dunha determinada clase social e convirteuno en un ideal común. Así foi posíbel a aitude uniforme, de xeitos característicos, do “gentleman” inglés. Hasta mediados do século pasado as Universidades de Oxford e Cambridge, educaron aos fillos da nobleza e aos futuros membros do clero³; eran pois institucións pra educación da “élite”.

A continuación Jaspers sinala que a formación que debe dar a Universidade háse de fundar na ciencia. Pero, en xeral, non queda a súa opinión aclarada si soio se dice éso; é algo máis fondo e importante que convén aclarar nun momento en que os alumnos das Universidades cóntanse en todos os países do mundo por centos de milleiros. Xa insistimos no anacrónico e ineficaz dunha Universidade pra as clases distinguidas ou pra formar unha pequena “élite” con apetencias de mando, extraída de un grupo político ou relixioso. Compre promocionar a todo o pobo o saber e seleccionar de entre millós de estudantes de bachillerato de todas as clases sociaes aqueles que pasen os primeiros ciclos do ensino superior e os que deben continuar na Universidade hasta chegar ao doctorado. É preciso planificar

³ C. Arnold Anderson e M. Schnaper. *School and Society in England. Social Background of Oxford and Cambridge Student*. (Washington Public Affairs Press, 1952).

esa Universidade que lles dé non só os coñecementos pra desempeñar unha profesión, sinón todos os relativos á cultura da época, como quería Ortega; pero ademais, hánse de sinalar unhos ideales de amor ao ben e á verdade, de servicio á humanidade, de convivencia e de comportamento. Eses ideales de superación han de acadar a todas as Universidades e centros superiores de ensinanza. Sería dobremente anacrónico Universidades técnicas pra úns, e Universidades pra chegar a "xefes" pra certas minorías.

O universitario ten de saber adoptar unha posición en calquer momento e dispoñer de unha resposta moral a toda situación, é dicir: o universitario ten que forxar un carácter e formar unha persoalidade. Naturalmente ésto é o resultante de moitas presións morales e intelectuales, e a Univerisdade soio vai ser unha delas, outras serán: a familia, a sociedade, a relixión, a política, a literatura, o arte, a clase de dónde proceda, etc., etc.... Mais aínda sabendo que a Universidade será soio unha delas componentes, temos que preveer un concheito de vida e o estilo que ten que inducir no universitario e que lle acompañará pra sempre na súa condición de home como un signo característico. Neste sentido é interesante a aitude de Jaspers, quen sinala os valores, morales e humáns, que esa formación científica debe dar ao universitario. Estes valores serán de maior rango cara calquer tipo de formación e serán asequibles a todos aqueles con capacidade intelectual, e polo tanto a todos os universitarios.

A actitude da científicidade, dí Jaspers, é moito máis que un saber especializado, é a capacidade de saber prescindir da propia posición e da propia vontade inmediata, a prol dun análisis imparcial dos feitos. A esperiencia de non constituir ún o todo, fai posíbel a auténtica incondicionalidade. O insoluble, a concencia de que a esperencia non agota o coñecemento convértese nun trampolín do trascender. A aitude científica é máis que fomentar un coñecemento limitado. É unha formación pra a razón.

A formación científica, siñifica, libertade de xuício, sentido crítico, amor á verdade, saber aceitar o estar trabucado, buscar a razón por todos os camiños, saber con precisión e coscer os límites de ese coñecemento. Saber englobar os feitos nun esquema que os comprenda. Coscer a necesidade do método e do orden, ter disciplina

mental, valorar a experiencia, o esforzo e a tenacidade. Siñifica acceitar que a vida do home ten de estar dirixida pola razón, inda que sabendo hasta donde chega e cales das nosas normas, teñen que estar apoiadas nunha concepción de valor ético e moral que corresponda á concencia.

A ciencia como froito da intelixencia volve á Universidade á súa fonte orixinaria como unha aspiración ao saber.

Na Universidade positiva actual, a aspiración a unha formación científica dos alumnos, ten máis valor polo método e pola orientación cara a todo o conescible, que pola materia e especialización adquirida. O sentido crítico pra reflexionar racionalmente sobor do aparente aos sentidos nas apetencias de saber, serán os dous supostos que a Universidade debe proporcionar pra todas as profesíons intelectuaes, que son as que non apousan soio no exercicio dunha técnica e dunha especialidade limitada que, a causa do exercicio a reo, convértese nunha rutina.

A Universidade soupo conservar o inquebrantable amor á verdade, polo que os universitarios sinten a inqueda, o fedello e o atraemento sincero polo coñecemento científico, este sincero amor á verdade é o que salva á Universidade de non caer na ramplonería e no desprestixio. ¿Qué sería, por exemplo, dos médicos que saíron da Universidade fai soio vinte e cinco anos, sin iniciarse os antibióticos e tantos outros medios de loita contra as enfermidades, si non tivesen, ao abandonar a Facultade, desperta a curiosidade pola ciencia e verdadeiro debezo do saber?

A orientación cara a todo chámase "filosofía"; polo tanto toda a ciencia será filosófica nesa aspiración ao saber, e mentras que non esqueza o fin polos medios e non naufrague nos circunstanciales modos pra facer, nos aparatos, na técnica e no meramente particular. Non siñifica que teña que estudiarse filosofía, trátase do pulo por indagar e por conecer, pulo que corresponde ao concepto orixinario de filosofía e que volve a ter oxe a vixencia como actitude fronte ao coñecemento e que será a levadura da ciencia que marcará un selo universitario e cuia idea tén que impregnar a todas as Universidades.

Ese é o tipo e home e os rasgos esenciaes do carácter que pretende formar a Universidade: sentido crítico, liberdade pra indagar, amor inquebrantable á verdade e ao coñecemento, aneio por ad-

quirir o todo e o fondo das cousas, saber do valor do método, e do esforzo e da tenacidade, saber dos límites da ciencia empírica; mais tamén creer no destino superior do home e no valor da intelixencia pra non cellar en pretender ir sempre máis lonxe. É, pois unha actitude intelixente fronte á vida, achegando a cada ciencia particular e a cada técnica unha acción metódica e analizadora.

Non son caciques nin conductores de pobos o que pretende formar a Universidade, nin políticos nin directores, que poden xurdir de calquer clase social polas súas dotes de carácter e sentido concreto devanditos; tampouco son meros profesionaes técnicos. A Universidade centra a súa diferenciación no acento do valor da reflexión, analizando lóxica e racioalmente o obxeto o fin e os medios, o orgullo da Universidade e do universitario será a intelixencia e a materia que a intelixencia elabora: a ciencia. A este anxeio háse oxe de engadir un sentido da vida que poida alcanzar a todos os homes en todas as capas sociaes, pra dispoñelo e adiestralo pra unha intervención na acción e desenrolo da sociedade.

APÈNDICE I

OS MOVEMENTOS ESTUDIANTILES

Fai xa anos que aparecen en casi todos os países máis adiantados e ricos, movementos estudiantiles, en aparencia de carácter nihilista, de destrución das bases da sociedade pra alentar unha situación máis naturista e anárquica. Parés unha protesta fronte ao esforzo e ao orden reflexivo, pero non embargantes sería trabucado tratar de xuzgar somentes as algaradas estudiantiles como gamberrismo, inadaptación de algúns á disciplina ou reacción dos malos estudantes ás dificultades do esforzo, aproveitados polos chamados activistas políticos pra tratare de obter consecuencias políticas ou sociaes. Naturalmente existe moito de éso, pero o miolo é que todo éso achégase no malestar que unha Universidade desfasada e anacrónica provoca nos mozos idealistas e audaces que desexan unha sociedade mellor, e tamén unha Universidade que poida ofrecerlles un ideal a que sumarse, que os convenza, e os leve no seu pulo mozo e xeneroso a unirse a unha gran tarefa. Non pode satisfacer aos máis unha Universidade somentes administrativa, que soio é unha máquina expedidora de títulos, que se mostra moi esixente, pero non pra ensinar, sinón pra esaminar, organizando proba tras proba. Elle indiferente o que ponda ser de ese 60 ou 70 por cen de alumnos suspendidos, como si de seres despreziables tratárase, tan dura en xuzgar e tan insensibre pra ensinar ou pra mellorar a ensinanza nesa mesma proporción, sin ningunha organización pra aconsellar ou pra dirixir a todos os alumnos, valeira de ideal ou, polo menos, sin atinguir a expresalo

craramente nunha línea de aución, sin saber darlle aos seus alumnos un espírito de amor á verdade pra algunha misión elevada e esixente esquencendo que a Univesidade ha de estar fundamentalmente ao servíicio dos seus alumnos.

Foron relacionados eses movementos estudiantiles coa filosofía dun pensador xudío: Herbert Marcuse, nado na Alemania en 1898, que en 1933 abandoa esta nación fuxindo da persecución contra os israelitas, e dimpóis de vivir algún tempo en Suiza, e Francia, establécese nos Estados Unidos; derradeiramente foi profesor de filosofía política na Universidade de California.

No que sigue límitome a uns comentarios sobor da relación entre a obra de este pensador, con eses movementos estudiantiles, destacando que aínda que semellan ter un trasfondo común nos diversos países, existen por riba de eses motivos universales condicións especiaes en cada Nación que os diversifica, unhas de orden político, atendendo ás distintas situacións do Goberno, autoritario, democrático, totalitario ou tiránico, outras de orixen patriótico, como nos países dominados por outros, outras en fin, de orden económico, polo que é preciso non utilizar sin discriminación e esamen o mesmo criterio pra todos.

No esamen da nosa sociedade industrial desenrolada, apreciáse que se vive asoballado polo terror atómico, asombrado e magoado pola convivencia da abundanza máis grande xunto a formas miserabres de vida, sin acadar o mínimo de alimentos pra sobrevivir, e onde a paz manténse mediante a constante ameaza da guerra, a non-libertade, disfrazase como libertade, pero dirixida pola propaganda, medios de presión moral e monopolios, fundando a estabilidade da sociedade na represión dos nosos instintos e apetitos; tamén o traballo considerado como maldición, faise en casos como unha represión dos nosos desexos.

As agresións, a imposición do poder bruto, os pobos soxuzgados cínicamente polos imperios poderosos, ou ben polo máis cauteloso e frío da dominación económica e polo control dos medios informativos, son betamentos, máis que abundados, pra comprender que non é o reforzar est eesquema da sociedade o que pode levar ao home cara a felicidade.

Compre facer unha revisión crítica e profunda da andamieira de esa sociedade da opulencia, sobor das bases dos instintos, así como da

razón ordeadora da "líbido", do subconsciente, da filosofía e da moral que a sustentan, pra establecer unha utopía cara a cal camiñase como forma de vida máis natural que permita ao home tender cara a súa felicidade.

Sobor destes supostos, Marcuse fai un análisis crítico da sociedade tomando como fonte de información pra coñecer o home e a sociedade a Freud e Marx. O seu examen é pois limitado e ten o vicio de estar influenciado por unha filosofía materialista; a pós deso ten o acerto de plantear o estudo da evolución de toda a humanidade aeita.

En "Eros e Civilización" ¹, espón a súa conceución da moral achegada na obra de Freud. No fondo do ser humano está o "éso" ou a "líbido", é decir, os impulsos instintivos que non aceptan ningunha regra nin ningunha lei; por riba do "éso" está o "eu", é decir, a consciencia que o individuo ten de si mesmo, e, sobor o "eu", está o "super-eu", é decir, o conxunto de demandas sociaes, que desde o comenzo da existencia na familia e na sociedade, impóñense ao individuo e interiorízanse nel e chegan a formar parte del, como represións da "líbido", en nome da sociedade, a moral e a razón.

Pra Freud a felicidade non é un valor cultural, é decir, non é compatible coa civilización que pide unha moralidade fundada na represión dos instintos, da sexualidade e a libido, a liberación destes, implica a degradación dos valores da moralidade establecida e como consecuencia estouparía e desaparecería.

Pra Marcuse esta puna poderá desaparecer nunha civilización máis adiantada en donde a vella moral represiva, sería reemplazada por unha "moral libidinosa", onde o ceibe xogo dos instintos correspóndase cun orden social novo.

Siñala Marcuse, estremando as súas ideas, como uns dos axentes da represión irracional son as relacións de dominio dos pais cara os fillos, co fin de evitar tamén o estoupo dos instintos de vida que biolóxicamente se manifestan nos fillos.

O éxito de Marcuse nestes estudos, baséase na confirmación de algunha das súas profecías, non na súa provocación, posto que moitas delas foron establecidas moitos anos denantes, como a súa acusa-

¹ *Eros and civilization: A philosophical Inquiry into Freud*. Boston, Beacon Press, 1955; *Eros y Civilización*. Ind. Castellana: México. J. Mortiz, 1965, e Barcelona, Seix Barral, 1968.

ción sobor do marxismo soviético, acusanza reborada coa agresión a Checoslovaquia.

Na obra de Marcuse é preciso examinar separadamente, os seus métodos de análise da sociedade, utilizando os instintos máis elementales do individuo, así como os anxeios máis racionais e traballados, a súa filosofía materialista, inspirada en Hegel e Marx, a crítica dunha sociedade contradictoria nos seus postulados, e, derradeirairamente, os vaticinios sobor dun mundo mellor.

Neste análise sobor os movementos estudiantiles, soio nos interesa relacionar a Marcuse e aos filósofos da súa escola, cos sucesos estudiantiles e a repercusión na estrutura da Universidade.

Según Goodman a obra de Lukacs: *Razón y Revolución* (1941), determinou o movemento dunha escola filosófica cuos principais representantes foron Loesch; Mannhein e Marcuse. Outros pensadores, como Adorno e Horkhainer, tamén estableceron unha relación intelectual intensa con esta escola.

Marcuse sinala que, na sociedade de consumo, serán os sectores intelectuales os que protestarán dun estado de cousas que abrangue a totalidade das bases sobor as que se asenta a Sociedade, así como os elementos anímicos, a racionalidade, e as bases opresivas da avanzada sociedade industrial na súa obra: "O home unidimensional", ou o totalitarismo do réximen ruso en: "Marxismo soviético"².

Fai xa anos que Aranguren sinalou que a xeneración decisiva é oxe a xuvenil. A mocidade ten oxe unha conciencia máis crara de sí mesma: sin idealizarse, sinón o contrario, reconecendo con realismo os seus fallos e limitacións, está convencida de ser a portadora de toda a renovación e de encauzar o ímpetu progresivo da Historia.

A obra de Marcuse "O home unidimensional", foi publicada en 1964, escrita polo tanto, antes; nembargantes ese mesmo ano aparece na célebre Universidade de Berkeley, California; a primeira revolta estudiantil de protesta fronte á Sociedade, convertíndose a partir desa data nun centro de "contestación" permanente, o mesmo que outras moitas universidades nos Estados Unidos o en moitos outros países do mundo.

² Soviet. Marxism. A Critical Analysis. N. Y. 1958.

É preciso, polo tanto, diferenciar ben craramente, a crítica da sociedade industrial avanzada desde a base dos instintos humanos, que lle permitiron facer tan sensacionaes predicións, da filosofía en que pretende engadir o porvir da sociedade actual, e incluso separar todo isto das súas predicións sobor do futuro da humanidade prevenendo que se poidera obter a felicidade nun orden social sin bater cos instintos.

Nesta breve referencia á laboura de Marcuse, cuio estudo e crítica xa reúne unha copiosa e estensa bibliografía, será ben advertir que na súa biografía do home, parés esquencer un instinto ou sentimento que tamén domina as nosas fibras máis íntimas, que é o que Unamuno titulou "o sentimento trágico da vida". No proieuto da humana felicidade de Marcuse cos instintos sexuais desenfreados, suprimindo os conflitos entre unha moral represiva e a "libido", librándoo da maldición do traballo, transformado en xogo, con absoluta libertade na súa anarquía, non aparece en ningún momento ese instinto que, sin dúbida, xoga un papel de incitación á reflexión sobor a conciencia do noso fin e a angustia do noso existir, tan estudada polos existencialistas. Esa impotencia da razón cara o misterio da existencia e esa angustia cara a door e a morte, non figura na obra de Marcuse, e ben merecerá o seu análisis a través dos seus pensamentos. Outro instinto ao que non fai referencia é o de procreación. É máis complexo co sexual, no seu soio conceuto represivo, posto que modifica cara a este instinto de ter fillos, o anxeio da posesión exclusivo. En fin, este mundo sin Deus e ese home sin alma, limitan a un esquema naturalista e cego, sin ambición nin trascendencia, a mente do home, e que non creo satisfaga a todos nin se ataña á verdade.

Na obra destes filósofos que someten a esamen e crítica a sociedade de consumo, púxose de manifesto a necesidade de estudar a nosa civilización desde as bases das reaccións anímicas do individuo e incluso a necesidade de revisar os postulados sobor os que se asentan as relacións humanos pra modificálas, considerando as posibilidades técnicas de un mundo sin miseria e sin pobres, pero que aínda así ha de cambiar os seus obxetivos pra evitar esas incongruencias das relacións humanos no relativo á libertade, ao amor ou á guerra.

Está ben craro que na sociedade de consumo actual aínda que a economía é frocente contén avinzamentos que a fan odiosa e esixen analizala desde os máis elementaes anceios do home, pero aínda non dixemos que se propón e que intenta a xuventude na súa protesta e na súa disconformidade. Pra acrarar este punto nada mellor que escoitar aos provocadores dos lamentables sucesos de maio de 1968 na Universidade de París, pra aprezar o seu aloucado desexo de destruír irracionalmente máis tamén a súa inquietude instintiva.

Con motivo dos sucesos publicouse un folleto titulado: "La rebelión estudiantil"³, onde se recollen entrevistas con algúns dos estudantes e dirixentes implicados neles⁴. Varios deles a quen se fáiselle a pregunta de si Marcuse é seu maestro ideolóxico, recházanna, mostrando que ninguén o léu. Non é, pois, que Marcuse tivera influxo neles, sinón que anunciou que os instintos de supervivencia e a economía de consumo levarían a unha rebelión contra as barreiras represivas con sentido anárquico e con un obxectivo máis instintivo que racioal. Isto apréciase moi craramante nas declaracións destes mozos que non saben siquer a donde van. Son escrarecentes as contestacións de D. Cohn-Bendit a Jean Paul Sartre, reseñadas no libro citado.

Dille Sartre a Cohn-Bendit: "O que moitas persoas non comprenden é que non traten vostedes de facer un programa, de dar ao seu movemento unha estrutura. Repróchanlles que pretenden "rompelo todo" sin saber, ou polo menos decir, o que queren poñer no lugar de aquilo que derruban".

Contéstalle Cohn-Bendit: "¡Evidentementel todo o mundo tranquilizárase e Pompidou o primeiro, si fundásemos un partido e anunciásemos: Todas esas xentes agora son nosas. Velaí os nosos obxetivos e velahí como esperamos alcanzalo. Saberíase con que teñen que tratar e podería atoparse a maneira de paralo. Xa non se tería enfrente a "anarquía" o "desorden" a "efervescencia incontrolada".

³ Cohn-Bendit, J. Sauvageot, A. Geismar, J. P. Duteuil, Presentación de H. Bourges. Serie popular Erea, S. A. México (1969).

⁴ Sauvageot: 25 anos, vicepresidente da UNEF, lic. Dereito i en Historia do Arte. A. Geismar: 29 anos, ex-secretario xeneral, membro do comité nacional do Sindicato N. de Enseñ. Sup. (SNE. Sup.). Daniel Cohn-Bendit: 23 anos, militante do Movemento 22 marzo, nado en Francia de pai alemán. Estudante de Socioloxía na Universidade de Naute-ne. J. P. Duteuil: 22 anos, militante do Movemento 22 de marzo. Estudante de Socioloxía na Universidade de Nanterre. A. Geismar: 29 anos, ex-secretario xeneral, membro do comité nacional da SNE Sup. Profesor aux. de Física na Fac. de Ciencias de París.

“A forza do noso movemento”, continúa decindo Cohn-Bendit, está precisamente en achegarse nunha espontaneidade “incontrolada”, que dé pulo sin tratarse de canalizalo, de utilizar en beneficio propio a acción que puxo en marcha. “A única posibilidade do movemento é precisamente ese desorden que permite á xente falar con liberdade e que pode desembocar en certa forma de auto-organización”.

Todas as declaracións son por este orden, con un sinxelo sentido anárquico e demoledor, impugnándoo todo e poñendo craramente de manifesto, tal como sinalóu Marcuse, que é un reto dos instintos a todo control e a toda norma e unha protesta intuitiva non racial, con un sentido de liberación incluso de nosa propia conciencia, no fondo é unha desesperación, e non parece que esta rebeldía leve a un mundo mellor. Sin embargo, hai que sinalar que aínda que non contén no seu intre elementos ponderados nin racionais, contén críticas que fan reflexionar.

Véxase o contraste entre un pensador tan esceucional como Sartre e a atrevida conceución sobor o estudante de Cohn-Bendit. Dí Sartre: “Os estudantes non son unha clase, nefecto, defínense pola súa idade e a súa relación co saber. O estudante é alguén que, por definición, debe cesar un día de ser estudante, en non importa que sociedade, hasta naquela que soñamos”.

Ao que replica C-B. “Eso é o que precisamente ha de cambiarse. No sistema actual, hai os que traballan e os que estudan. E isto é unha división, si quer intelixente, do traballo social. Mais pode imaxinarse outro sistema en donde todo o mundo traballe nas tarefas da produción, reducidas ao mínimo gracias aos progresos técnicos e donde cada ún teña a posibilidade de proseguir, paralelamente, estudos continuados. É o sistema que fai simultaneamente o traballo productivo e o estudo”.

“Habrá evidentemente casos particulares, non se poden facer estudos matemáticos moi avanzados ou estudos de medicina e exercer outra actividade. Non se trata de poñer regras uniformes. Mais é o principio básico o que debe cambearse. O principio háse de rechazar a distinción entre o estudante e o traballador. Por suposto isto non é pra mañán, pero algo iniciouse que forzosamente debe continuar”.

Finalmente voume referir a cómo un pensador tan sagaz e intelixente como Serban Schreiber, autor do libro ben conocido: "El desafío americano" ve a situación provocada pola mocidade universitaria no intre da sociedade tecnolóxica e opulenta que se prevé pra o final do noso século.

Pra Schreiber a sociedade europea está sufrindo un proceso de lenta decadencia e de despreocupado abandono das súas obrigacións no mundo, e así os sucesos de Maio terán sido un aviso que fará reestructurar a economía, os ensinos, as relacións humanas e obrigará a reflexionar sobor da nosa situación de dominados no plano económico e intelectual por Norteamérica.

Esta situación compárase cos movementos do século XV que levaron ao primeiro Renacemento e escribe no seu libro sobor "O despertar de Francia" o seguinte: "Fai cinco séculos, o mesmo que oxe, o máis esencial da época foi a aparición de técnicas novas, e, con elas tantas transformacións na actividade do home e no seu medio, que fíxose necesaria a reestructuración da sociedade. Foi, en primeiro término, a invención da imprenta, o trastornar a circulación das ideas, a que acabou por revolucionar o concepto que o home podía ter das súas relacións cos demais e, definitivamente, de si mesmo. Oxe co invento dos "sistemas de informática" en relación co ordenador, véñse modificadas fundamentalmente as formas de transmisión dos conceptos, a distribución dos poderes intelectuales nun gran feixe de disciplinas e industrias e faise posible a crítica radical da sociedade industrial tradicional.

...A entrada hoxe da electrónica e da informática terá influencia na ciencia, e na investigación e arrousa importantes consecuencias intelectuales".

E dí máis adiante: "A situación intelectual de dimisión de Europa, a súa inferioridade tecnolóxica, coa súa secuela de sumisión cultural, mantíñanos fora das grandes tarefas da época e impedíanos emprender a construción dunha sociedade postindustrial orixinal, máis humana, máis armoniosa, máis xusta que os modelos exteriores do Este e do Oeste, que nos son propostos e que, co tempo, serannos impostos.

A Universidade non se pode sentir allea a estas preocupacións, así como tamén debe estudar as relacións entre profesores e alumnos, ha

de considerar a necesidade de adoptar as mentalidades e fixar os anxeios en relación cos progresos tecnolóxicos. Os laboratorios psicotécnicos, os estudos sociolóxicos, a atención ás cuestións moraes, e os conflitos psíquicos que ameazan á mocidade esixirán unha atención preferente por parte da Universidade; pero por riba de todo éso hánse de estudar reflexivamente as causas desas tremendas inxusticias dependentes do poderío onnímodo das grandes nacións, a falta de liberdade e de concordia nas relacións humanas pra elaborar as doutrinas que desde outro punto de vista máis completo, atendendo tamén ao noso destino trágico, propoñan solucións e nos mostren un porvir máis esperanzador achegado ao cristianismo, non soio coa felicidade banal dos praceres humanos, sinón coa satisfacción das arelanzas en harmonía con unha conceución máis espiritual e trascendente da vida e coa responsabilidade a que obriga a racionalidade.

APÉNDICE II

A UNIVERSIDADE GALEGA

Ao falar da crisis da Universidade europea, quedan naturalmente contidas as universidades españolas e entre estas a máis europea polo espírito do pobo no que se asenta: a Universidade galega... Ao estar escrito este discurso pra o ingreso na Academia galega, parés obrigado decir algunhas palabras sobor da nosa Universidade que tan fondo levo no meu peito e á que adiquéi todo o meu esforzo e as máis sinxelas espranzas. Néla estudiéi e néla enseño hai trinta anos. As miñas ledicias e zozobras están en gran parte ligadas ás espranzas, éxitos e tristuras polas que nestes difíciles anos pasa a Universidade, néla paséi as máis das miñas horas, néla estudo, soño e enseño modestamente todo o que poido; a miña executoria pra merecer ser considerado galego no espírito, o meu escudo e o meu orgullo, é que nestes trinta anos, penséi, traballéi e loitéi pola Universidade, polo seu sentido da vida, motor e sublimación dos méritos e defeutos deste pobo galego tan intelixente e imaxinativo, sensibre, tenaz e medoso, orgulloso do seu xeito de galego e con un ergueito sentido da vida. A Univerdidade galega, será o refrexo consciente e científico do impulso deste pobo que mansiñamente vai tomando consciencia da rica e lumiosa cultura que latexa no fondo das tradicións e no espírito de estas xentes cheas de inquedanzas, pechadas ao desalento, duras pra as loitas pola vida, abandoadas pola burguesía, pero alentadas e agarimadas dende sempre polos bóns é xenerosos, polos poetas, polos sensibres á door, polos conscientes de que o que sexa de este pobo de cuasi tres millós de habitantes, dependerá en gran medida do valor,

e da intelixencia da minoría intelectual que nunha boa parte aséntase na Universidade.

Soio o coñecemento profundo do desenrolo histórico dun centro permitirá adiviñar con algunha seguridade o seu porvir. Ese coñecemento respecto á Universidade de Santiago é oxe posíbel por existir estudos históricos coidados e comprimidos¹. Santiago é un dos primeiros sitios da España cristián donde aparecen os primeiros centros do ensino; no século XII eisiste a “Grammaticorum schola” fundada polo Arcebispo Xelmírez, máis tarde os chamados “Estudos Vello” aparecen en 1495 por iniciativa do notario Lope Gómez de Marzoa e ca axuda do bispo de Canarias D. Diego de Muros e o Deán de Santiago. A Bula de Xulio II é de 1504, a de Clemente VII pra coloción de grados no Colexio Santiago Alfeo fundado polo Arcebispo Alonso de Fonseca, e de 1525, e a de S. Pío V de 1565, data que se considera a de creación da Universidade. Hastra o século XVIII, como dí Victoria Armesto na súa sobranceira obra “Galicia Feudal”, sigueo instalada na casa dos Ulloa e confundeuse coa fundación do Arcebispo. A partir dese momento sigue naturalmente os avatares que o ensino superior sufréu en España, pra se consolidar como Universidade do Estado, no século pasado. No ano 1940, polo número dos seus alumnos é xá a coarta en España, pero nos últimos vintacincos anos, o seu desenrolo non siguéu o ritmo das outras Universidades españolas. No estudo moi meditado e ben documentado feito por Xesús Cambre Mariño², atópase unha estadística descorazonadora basada en datos do Ministerio de Educación Nacional³. En 1966, a Universidade de Santiago, pasóu de ser a coarta a ser a novena, co máis pequeno índice de crecemento de todas as españolas. A relación entre a poboación e estudantes, tamén está moi desproporcionada respecto á media española. No ano 1966, Galicia, ten

¹ Salvador Cabeza de León y Enrique Fernández Villamil: *Historia de la Universidad de Santiago de Compostela* (1945-47). (Prólogo de Paulino Pedret Casado); C. Pérez Bustamante y S. González García-Paz: *La Universidad de Santiago* (1934). Esisten outros moitos estudos menos completos sobor da Universidade Galega., como os de Pérez Constanti, Viñas e outros de Cabeza de León. Un estudo con referencias ao porvir da Universidade é o interesante estudo de Luisa Cuesta Rodríguez: *La Universidad gallega: su pasado, su presente y su porvenir*. Boletín de la Universidad de Santiago, año II, número 78 (1930-31).

² *Educación e Desenrolo*, Galaxia, Vigo, 1969.

³ España. Ministerio de Educación Nacional. *Datos y Cifras de la Enseñanza en España*, 1967. Tomo I: *Estadísticas*. Madrid, 1967.

2.664.840 habitantes, que representaban o 8,1% da poboación española. Nembargantes, os 4.447 estudantes matriculados no curso 1965-66⁴, no distrito de Santiago, soio supoñen o 3,66% do total da matrícula de España, tendo en conta que en España o número de alumnos respecto á poboación é das máis baixas de Europa⁵, as cifras de Galicia achéganse ás dos países subdesenvolvidos.

Estes datos conciden co índice do desenvolvemento da renda nacional "per capita", pois tamén a da Galicia non sigue a marcha ascendente da de España.

Sufréu, polo tanto, Galicia un colapso, respecto ás outras rexións españolas, no seu desenvolvemento e crecemento; entre os motivos co provocaron están a emigración e as antigas estruturas agrarias. Para analizalos, na laboureira do doutor García Sabell pode estudiarse a antropoloxía do home galego e compridos estudos sobre a economía galega atópanse na obra de Valentín Paz Andrade e na dos colaboradores da Revista de Economía galega de Galicia, pero non é a miña intención estudalos agora; quero só facer unhas consideracións sobre do posíbel desenvolvemento da Universidade galega nos próximos anos.

Os problemas máis fondos da nosa Universidade coinciden cos xa ditos que arregueixan a todas as Universidades europeas: falla de que o seu espírito de racionalización e da búsqueda da verdade e da creación da ciencia, seipa crebar os vellos moldes, que se quedan cativos e desfasados, para resolver e planificar con autenticidade o problema da masificación, o problema da igualdade de oportunidades, problema de moi difícil solución polas grandes diferencias económicas duns e outros, e os diferentes ambientes sociais e educativos, o problema democrático, isto é: despertar na "élite" intelectual afeutos de convivencia e de respecto a todas as distintas opinións dentro dunha legalidade, sabendo encauzálas e escoitálas; o problema da selección dos alumnos e saber despertar vocación e, sobre de todo, que o espírito que anima á Universidade teña afouteza para a búsqueda da verdade, e para sostela fronte á fogueira se é preciso, sempre que sexa

⁴ *Datos de: España*. Anuario Estadístico 1968. No curso 1968-69, según unha nota do Gabinete de Prensa de Universidade a que se refire "ABC" (22 oct. 69), o número de alumnos oficiais foi de 5.862 e 1.916, libres.

⁵ Cambre Mariño, op. cit., páx. 78: Francia, 94 por 10.000 habitantes; Grecia, 61; Italia, 51, España, 31.

científica, esto é, experimentable, porque nos outros sentidos, é decir: en todo aquilo que é opinable, non hai máis triste parecer ca dos fanáticos que se consideran en posesión da verdade pra tiranizar aos máis. O sentido crítico embicado ao máximo, será o carácter do universitario e do científico, así como o amor á liberdade pra pensar e pra opinar.

A Universidade, por ser escola de método, da planificación, da búsqueda racional, tenaz e crítica, sabendo dar principios moraes e concencia de responsabilidade aos seus alumnos, ten que xogar un papel preponderante en todo a vida da rexión.

Na Galicia fan falla centros superiores de estudos nas cidades de máis de sesenta ou oitenta mil habitantes. A Cruña e Vigo son ás únicas cidades españolas con máis de cento cuarenta mil habitantes no censo de 1960, sin ningún centro de ensino superior⁶. Os colexios previstos na nova Lei do ensino español, deberían xa funcionar en casi todas as cidades galegas; neses colexios cursaríanse os dous primeiros anos comúns a diversas carreiras, e aqueles que obteñan media de notable poderían seguir con unha beca, por cambio de residencia, os seus estudos na Universidade galega en Santiago, ou nos centros técnicos superiores no lugar donde estén afincados; e os que non tivesen media de notable, poderían obter títulos medios pra moi diversas profesións auxiliares a carón deses mesmos colexios. Poner estes colexios universitarios en marcha e saber darlles un alto

⁶ Os datos referentes ao número de habitantes corresponden ao censo de 1960 (España, Anuario Estadístico 1968). Os estudos refírense soio a centros superiores.

Madrid: 2.259.931 hab. Universidad y Escs. de Ingenieros; Barcelona: 1.557.863 hab. Universidad y Escs. de Ingenieros; Valencia: 505.066 hab. Universidad. Escuela Politécnica (Arquit. agrónomos, caminos, industriales); Sevilla: 442.300 hab. Universidad. Archit. Ing. Industriales; Zaragoza: 326.316 hab. Universidad; Málaga: 301.048 hab. Facultad de C. Económicas; Bilbao: 297.942 hab. de Ciencias, Escs. De Ings. Industriales; Murcia: 249.738 hab. Universidad; Córdoba: 198.148 hab. Esc. Ing. Agrónomos; Las Palmas: 193.862 hab. Escuela Politécnica; CORUÑA: 177.502 hab. NINGÚN; Palma: 159.084 hab. Fac. de Ciencias; Granada: 157.178 hab. Universidad; Valladolid: 151.807 hab. Universidad, Escuela de Arquitectura; VIGO: 144.914 hab. NINGÚN; Santa Cruz de Tenerife: 133.100 hab. Esc. Sup. Bellas Artes; San Sebastián: 135.149 hab. Ing. Industriales; Oviedo: 127.058 hab. Universidad, Esc. Ing. Minas. Outras cidades de menos número de habitantes con centros superiores de enseñanza e creados nos últimos cinco anos son: Santander: 118.435 hab. Facultad de Ciencias, Esc. de Ing. de Caminos; Badajoz: 96.317 hab. Facultad de Ciencias.

esprito intelectual e formativo e un imperativo do momento, contando con colexios universitarios nas distintas cidades galegas, pero controlados pola universidade, o número de estudantes universitarios deberá chegar aos vinte mil nos próximos dez anos; pero naturalmente os máis deles terminarán os seus estudos sin chegar á Universidade en Santiago, sinón con cursos profesionales a carón dos mesmos colexios, unha vez terminado o primeiro ciclo de estudos universitarios. A modificación da Universidade obriga a dedicar a meirande atención a eses centros con estudos limitados pra que non debeza o esprito esixente e enlevado do universitario. Soio o Estado ten capacidade económica pra se enfrentar cos costosos plans que a nova organización require; as subvencións de organismos locais, empresas industriais ou de particulares alcanza oxe aínda en países con tradición de universidades non estatais un pequeno tanto por cen.

Nestes dez derradeiros anos creáronse escolas técnicas superiores a voleo pola xeografía española: Catro en Valencia, dúas en Sevilla, unha en Córdoba. Oviedo, Santander, Valladolid, Las Palmas... Ningunha na Galicia. É triste que a rexión que exporta man de obra en maior grado, con algunha das súas provincias das máis pobres de España en renta "per capita", pero con unha demografía rica e forte, non teña inxenieros nin se pense en que sexan creados eiquí; teñen que ir Europa adiante os seus homes buscando os técnicos de aqueles países que lles den traballo, como si sobor dos galegos pesase algunha tara, ademais da económica, intelectual pra non merecer chegar a arquitecto ou inxeniero superior.

Pero o mal esprito que ten abafada a Galicia, polo menos nesos ensinamentos superiores, e tamén noutras cuestións; non se ha buscar en terras alleas, abonda entre nós; é preciso que a Universidade seipa vencer ese esprito apoucado, e laboure pra resolver o máis fondo problema da nosa Galicia, o complexo de inferioridade do galego, problema en que poucos poideran sin vergoña, tirar a primeira pedra.

Sempre me sorprendeu ao examinar as etapas da construción da Catedral de Santiago, como se nota o momento en que o Arcebispo Xelmírez se fai cargo do obispado, porque varíanse os plans de construción dándolle moita máis altura ás naves, enriquecendo a decoración, variando o proieuto primitivo con moita máis ambición e xe-

nerosidade, anunciando os séculos gloriosos de Compostela. Tamén agora nótase no ambiente que Galicia anceia saír do marasmo e do sono de quedanza en que se atopa. Soio unha Universidade ambiciosa e consciente dos valores humanos e intelectuales dos galegos achegada na cultura galega, na súa lingua, no seu sentido da vida, poderá darlle o pulo e o ánimo necesario pra enlevar os proieutos, non soio materiaes sinón tamén forxando o espírito enlevado preciso pra devolverlle aos galegos a conciencia do valor da súa cultura e pra proietar a gran sociedade galega que poderá alcanzar catro ou cinco millóns de habitantes ao final de este século, dándolle traballo aos emigrantes na súa terra, racionalizando a produción e planificando o noso desenrolo, tan abandonado polos de fora.

Respeuto aos ensinos hánse de planificar os estudos, a distribución dos centros de ensino e o control e selección dos alumnos e profesores, pero sobor de todo é preciso sumarnos úns aos outros, sentirnos todos os galegos ou ligados a Galicia espiritualmente, altos ou baixos, co mesmo fervor pola nosa cultura e polo noso idioma⁷, sentindo os mesmos poetas, os mesmos anceios, de amor á terra e axuda espiritual a eses emigrantes que saen despidos de proteución intelectual, sin que a cultura antiga que eles ariolan no seu peito teña aínda adequirido a meirande altura que merez este pobo que soupo crear a maravilla do románico de Santiago, da Coruña ou de Ourense e dos nosos Mosteiros, coas esculturas máis espresivas do mundo, os cancioneros galaico-portugueses, orgullo de Occidente, ou o barroco dos mil campanarios e altares cheos de espiritualidade; o pobo máis celoso da súa liberdade, onde os mouros soio lograron esporádicas incursións, e de todas as rexiós de España, foi de Galiza de donde máis cedo foron botados os soldados de Napoleón e donde menos tempo estiveron⁸. Este pobo que crea unha poesía e unha música chea de beleza e que soupo soste en España, durante a Edade Media, o Espírito de Occidente e da cristiandade, sendo o europeizador da España árabe durante varios séculos⁹. En fin, un pobo que soupo crear

⁷ Pra sumarnos non só a España, sinón a Europa, é preciso reforzar as culturas rexionaes o que permitirá chegar a unha irmandade entre os homes.

⁸ S. Portela Pazos: *La guerra de la Independencia en Galicia*, Santiago, páx. 9.

⁹ Américo Castro. *Origen, ser y existir de los españoles*. Tauro. Madrid. Dí na páx. 18: "Galicia se hizo importante con su culto y peregrinaciones a Santiago; y a favor de su conciencia de ser importantes, los gallegos se lan-

un idioma xeitoso de armonía e sentimento, rico e expresivo, que como di o insigne académico don Ramón Piñeiro o sostén coa intuición de que defende algo moi preto da súa ialma. Ten pois unha grave responsabilidade a nosa Universidade e as minorías intelectuales galegas; ambas están en deuda con este pobo que se sinte alleo a elas por ignoralo a Universidade. É preciso que os universitarios, estudantes e profesores, pensen na deuda que co pobo galego teñen e seipan ser dínos del, estudando os seus problemas, os seus sentimentos, os seus anceios, os seus amores e os seus arregueixos.

A universidade galega ten de afianzar a superioridade da cultura galega, que terá de xugar un meirande papel pra europeizar España, como xa o xugóu na Edade Media e incluso pra se proietar na América hispana, cuestión urxente pra soste o predominio espiritual. O seu sentido da convivencia, a metodización e racionalidade dos proieutos, a medida da súa serenidade, axudará a España a integrarse en Europa, na federación de nacionalidades de que xa se fala pra dentro de poucos anos. Pra esto é preciso que os galegos sepan do seu valor e da súa importancia, e de como o sentido reflexivo e sereo de noso pobo debe impoñerse a pasión e intransixencia de outras constantes, que fan difícil a convivencia e impiden sumar todas as opinións. Soio a esaltación das culturas rexionaes faría posíbel a existencia de Europa como nación.

Derradeiramente véxome obrigado a engadir unhas verbas sobor da cidade na que se asenta a Universidade galega: Santiago de Galicia preto da Cruña que soupo soste sempre un espírito xeneroso e

zaron a poetizar en su habla en los siglos XII y XIII. Su lengua era usada a veces por los notarios en la primera mitad del siglo XIII en Zamora y Salamanca”.

La realidad histórica de España. Ed. Pomio, S. A., páx. 384: “En el Noroeste, Santiago fue la fuerza cohesiva apta para organizar de algún modo a los cristianos del siglo IX, rudos y divididos; y gracias a esa fuerza el Reino Leonés, comenzó a adquirir estructura política y estímulos vitales —un ideal religioso-bélico capaz de enfrentarse con el del enemigo”.

“A los catalanes les llamaban “francos” (y así los llama el Poema del Cid en 1140), en tanto que los cristianos del Norte eran “gallegos” para los escritores musulmanes, hecho explicable por el gran significado de aquella Meca cristiana; tras los catalanes asomaba el prestigio del imperio carolingio, y tras los demás cristianos españoles el del gallego Santiago. El número de gallegos en la España árabe no era bastante para olvidar a asturianos y leoneses; más éstos, no se singularizaban entonces en nada que permitiese destacarlos, y los gallegos sí”.

liberal, ten un fondo esprito de inquedaanza intelectual; as xentes de Santiago teñen nobleza e señorío, Santiago foi durante a Edade Media un foco cultural que espallaba e creaba cultura europea; basta citar a súa relación con Cluny, os seus romeiros, a súa Catedral, o culto ao Apóstol, o sentido da convivencia, os seus artistas que crean escolas de arquitectura e de escultura, con fonda sensibilidade, como o proba que o galego falábase na corte de Alfonso X o Sabio, e utilízase como idioma da cortesía e da poesía. Polas rúas de Santiago, como tén dito o esgrevio mestre da cultura galega D. Ramón Otero Pedrayo, o aire funga co arume dos piñales e toxales do val do Ulla, e as xentes do campo atópanse entre os pazos das rúas e nos pórticos románicos, ou cara as esculturas das igrexas, con naturalidade, son xentes sensibres e traballadoras, crebadas por séculos de relación con romeiros de toda Europa, é estes romeiros síntense en Santiago, como na súa patria, pois Santiago é das cidades máis espiritualmente europeas. O pobo galego, ten sentido reflexivo cheo de abelencia e sabe que Santiago é o centro espiritual das xentes galegas e que deberá ser alentado por todos os galegos do Norte ou do Sur; ten dignidade e espera resignada que a súa Universidade medre e se encha dun esprito enlevado pra que poida ser o alicerce e trampolín pra o seu desenrolo. E un pobo paciente na aparencia, pero que no seu peito bule un anxeio reflexivo de xusticia, de racionalidade, de planificación; dito nunha soia verba, de pasión pola intelixencia.

Don Ramon Otero Pedrayo

Discurso pronunciado en el Congreso de los Diputados

DISCURSO
DE
DON RAMON OTERO PEDRAYO

El discurso comienza con un saludo a los señores diputados, en el que el orador expresa su satisfacción por haber sido admitido en el Congreso. A continuación, el discurso se divide en tres partes principales. En la primera, el orador analiza la situación política y social de Galicia, destacando la necesidad de una mayor autonomía regional y la importancia de la cultura gallega. En la segunda parte, se aborda el tema de la reforma agraria y la mejora de las condiciones de vida de la población rural. Finalmente, en la tercera parte, el orador hace un llamamiento a la unidad de todos los gallegos y a la participación activa de la ciudadanía en la vida pública. El discurso concluye con una serie de propuestas concretas para el futuro de Galicia.

Señor Presidente, Sres. Académicos:

Miñas donas, meus señores:

A primeira miña impresión do discurso lido, fai un intre escoitado no desenrolo da súa apaixoante e ás veces trágica temática, foi de trascendente e lembradoira beleza... Luces mañanceiras nas aulas, alamedas de sensitivas frondas e xardís aledados aos seus tempos polo palrar de fontela nova dos estudantes, concertáronse a subire como ispiradas torres de pensamento de sistemas ergueitos ca arelanza de afitar máis lonxe dos hourizontes, órbitas de mestres senlleiros, e ise engado entre ledado e melancónico da rolda das sazós académicas, cos seus agromares e seus máinos poentes de adeuses, das xeneraciós universitarias... E coído como tamén vós tendes alentado, sentindo o devalar do discurso nunha trasposta e futura Compostela: ás once da mañán, en soantes sementes espalladas pola torre lanzal, a cidade de pedra e lembranza devolta a unha xuventude de gozos seréos e perspeítivas de lumiosos futuros pola gracia da foula escolar, o xeito de se remozaren os arneirosos penedos da badía e os degraus do peirán ca aperta e bico das foulas crecedeiras... O vedraio carballo inzado de niños. Milleiros de frentes mozas acesas na especulación filosófica, na técnica do labouratorio ou o anfiteatro, a procura de desvelare a alma de unha verba ou a xustiza de unha institución. Nos ollos e mentes afitando o espeitáculo do mundo e do máis aló do mundo... E os ollos e as mentes ensaiando os perigos e as regalías do exercicio do método, apañando os primeiros froitos do albre esquivo, son de mociñas e mociños da cidade e da campía, de castes

vilegas, fidalgas, de antigas xineas labregas, de xentes pasaxeiras. O se iniciare nas ciencias e nas artes, é como outra creación: vóltase nova e agasalleira a lus, íspense as cousas e as xentes dos seus fatelos cansos ou noxentos, a man descobre un outro ritmo no latexar do corazón... Un agasalleiro bruído de vento ou esprito en ramas verdecentes, o manso e amantiño rumor das meras do abril nas agras novas centeiras...

O día de se sentare unha xeneración inteira como o inteiro frolecer do bosque humán nas áulas da iniciación universitaria, lonxe de escolma, sorte, berce, esquencida toda sebe ou estamento, e soio ise día xubiloso, pódese asegurare o verdadeiro comén de aquila época da historia, por Goethe con aire augural sinalado o día da batalla de Valmy —20 setembro 1792—, polo novo ímpedo dos soldados da Revolución... Pois non valen moito —e xa calcamos o chán da realidade— nin pouco, proqramaciós de dereitos e dinidás si falla o exercicio lexítimo das facultás críticas do esprito. un senso elementar da beleza, do intimismo, do deber...

Sempre a vellos e novos, dende logo aos vellos, lles enfeitizan a historia e non pouco as leendas do Enseño e a Universidade de outro tempo. Mollos de cartas marelas e muchas, froles traspostas en lembranzas apenas cromáticas gardadas nas follas dun libro, pro tamén o exempro apaixoado, a fermosa soedá, o labio novo da fontela, gosto de alborada, descuberta no érmo. No “Pré des clèrcs” no cerne do París gostante da arte de inxerire a ilusión ca ironía, os estudantes xogan desportivamente cas categorías e os conceptos do ente, baixo os pórticos de Bolonia o amor e a poesía frorecen no pecho e enxoiito latín das Pandectas, no xiro de Tubinga us mociños casi todos alumnos teólogos, deitan ao pasar nas sebes frocidas longas sombras de ardentés meditativos... Chámanse Hegel, Hölderlin, Schelling. Cecáis saúdan ao pasar ao grave doctor Faustus, canso, anguriado na cidade torreada de lóxica... Beira do Mondego os estudantes de Coimbra tecen coróas votivas á saudade, Salamanca alenta en agarda da invocación unamunesca

“Alto soto de torres

... ..

Cada xeneración esperta o seu tempo na Universidade, recolle da anterior a lampada dos saberes mantida cos óleos da dinidade e a

liberdade e soio co eles lucidía... Na espreita histórica, e seus faros podentes, non esquencidos de cachear os bosques de Brocelandia e os xardís apolíneos de loureiros e roseiras dos saberes, chega ben logo un intre de inqueda, sensación de inxusticia que lixa a armoñía dos pórticos, a graciosa rolda das horas universitarias... Vivimos a historia e o prólogo de unha aristocracia. Manexamos as follas dun Nobiliario nas que soio pola caridade case sempre misturada de vaidade, ou polos antoxos da sorte, soan nomes non rexistrados nos estamentos da fidalguía, dos funcionarios, os profesionás de carreiras liberais, e a riqueza...

Cecáis o baril e sinxelo discurso do Dr. Vidal Abascal teña nado como enxergar seréu de unha problemática difíle de seu, e, por riba, de carácter urxente e universal. Acontecen na natureza trocamentos climáticos e deles remanecen migracións humanas e feitos novos nas culturas. Como nas línguas, máinas variacións de acento e de sons verquidos noutros ritmos nas falas, como a morte dos corales e ruína dos seus rochedos fan ao litoral responder con outros tons o embate das foulas. Fai tempo ameazaban fendas estesas e artelladas, tremores seniles, o equilibrio da ilustre mansión universitaria. Os estrados e as solenes esqueiras afeitadas ás demoradas pompas, os paraninfos probados nas cadencias retóricas, as bibliotecas amparadoiras de raras soedás eruditas non poderían aturare a nova estudantina, a xeneración inteira chamando sedenta, imponendo resposta a preguntas voltas de vida ou morte como o aire ceibe da mañán, e o pan e compango das doce. A fidalga lampada de briladoiros prismas da sala ou o gabinete a áula dos elexidos tiña de se multiplicare, pra alumiare e espantare a noite de tristes fuciños de besta cansa apegada aos vidros...

O problema non houbera podido ser espreitado como lonxao ou indiferente pra a Academia Galega sinón por algún seródio e amurchado escolar —dubidamos que o haxa—, xiado no estrado e na biblioteca de autoritarias normas, de hieráticos tópicos un tempo maxistrais cando o sol da mañán se acendía en frentes e verbas de mestres non franqueados á espranza, a natividade tolleitos. A Academia gusta de enxergar limpamente as novas e as vedraias esfinges. Por elo bate, espallando semente, o espírito de Pondal, de Curros, de Murguía. O inmorredoiro e sempre novo alento de Galicia.

Un matemático profesa dende hoxe na Academia Galega. É como franquear ao ceo da noite estrelecida as fiestras da pechada e condita biblioteca. Chega baixo a éxida de Urania, a Musa da Astronomía, baixo lexítimos ángulos nai e condición de todas, pois do feitío e os latexares das constelaciós e os luceiros e o xirar nos seus tempos das esferas penden as rítmicas da Coréutica, da Música, da Poesía. Chega cabo de nós co Dr. Vidal Abascal un lexislador da luz e a metáfora, dos regoados sucederes da paisaxe histórica, e do devaladoiro arredor de nós. Saudamos, e falo por mín, o tempo abstracto da Matemática ergueito en cotos esgrevios como os do Parnaso pra os poetas. Supoñemos emoción ademirados de lonxe. A iniciación ten de ser sempre, en cada candidato, semellante á dos primeiros filósofos xónios lucando como nenos, ledos e graves, unha espranza de orden deducitivo na xigantomaquia ou no abisal silencio das formas, no desenrolo carregado de tremendos misterios dos ciclos sazoeiros.

Pra nós a Matemática siñifica unha pureza. Claustal adicación, noviciado de albos mantos e lucidías alboradas. Horacio querendo zombar do matemático Arquitas fai homaxe á heróica fazaña intelectual dos pitagóricos:

“Te maris et terrae numeroque carentis harenae
Mensorem cohibent, Archyta.
Pulveris exigui prope litus parva Matinum
Munera, nec quicquam tibi prodest
Aetherias temptasse domos animoque rotundum
Percurrisse polum morituro”.

O manto do matemático plégase de outro xeito. Non é o do filósofo e si leva en sí vaticinios é nun cosmos supostamente valeiro de paixón, pro nun dun amor peneirado polas estrelas. A sonata chopiniana a Mad. Kalergis pode ser a obra musical máis achegada a un concepto semellante evocado por Teófilo Gautier na “Symphonie en blanc mayeur” onde a polonesa xurde:

“blanche comme un clair de lune”.

¿A Razón do Universo? É a nai das técnicas sin míngo da profesión abstracta. Como na Mística, o exercicio da Caridade fai máis nidia e pura a beleza da mente. Pensemos soio un intre en Pascal asistindo ademirado e homilde dende a circunferencia da concencia

súa ao xermolar no seu centro dos postulados de Euclides, novos, espidos... Anxelos ou Nióbidas, neste caso lonxaos á envexa dos deuses... Ten de habere postulados nados como fontes na sede do ermo, teoremas labourados como diamantes, cristaizados asegún os eixes e as facianas de un faiscante soneto. Comenta ó P. M. Feixóo, apoiado no ilustre Dicionario de Moreri, do matemático Francisco Vieta inventor de la *Algebra* que llaman *Especiosa* que algunhas veces estaba por espacio de tres días con sus noches embebido en sus especulaciones, sin tomar alimento alguno: y sin más sueño que el de algunos pocos momentos, en que reposaba la cabeza sobre el brazo apoyado en el de la silla”.

Millor escolmaríamos nas áulas, no mundo aínda orballado de misterios do estudante... O disfroite pra nós, de lonxe dos silentes pazos ergueitos da Matemática, semella o de sentir sin nociós de música o rubir, frondescere e debruzárese do chafarís votivo de unha severa sinfonía... E cecáis na estelar calma aparential se aduviña un movemento refreado. Baixo o lazo caistaíño o latexar da auga de lonxe desposada co sol... Cecáis o amor, a Psyche, a Giuleta, da Matemática, súa Musa ensoada seña a luz... O amor ás meias probado no feitío arquitectónico cada mañán abenzado e definiño, no chouto petrificado da ponte anel do río lumioso de espellos, no cálculo invocando o locir dun novo planeta, ou guiando o latexar do corazón humano na perfecta aeronau...

Na escola de D. Ramón Aller Ulloa ten aberto o Dr. Vidal Abascal os ollos do espírito a unha, a súa, posibilidade de concedere racional arquitectura á caverna platónica onde vagamos como somas. Entramos agromaron á cencia baixo os ceus espallados de Deza. Nas noites, cando asegún os labregos cada luceiro salfire unha presa de xiada, as mentes de entramos pilingrinaron polo espazo e o tempo sideral a prol da fuxidía e deseada Beatrice, tamén gardada no tempo e fondo abisal das almas. Candore, saber, simpatía, petrucial sorrir, ollar sempre enfeitizado diante dun locir astral ou o faiscar da bondade nos ollos humanos. Don Ramón Aller houbera sido ben merecente da cróa doutoral de rosas posta pola Universidade de Padua na nobre testa de Nicolás Copérnico, como D. Ramón bón e virtuoso crego...

Si decimos ter querido Vidal Abascal pra a súa "overtura" na Academia, un tema novo, de actualidade e intrínseco, houberamos ficado no estaxo do costume e das tópicas respostas a situacións de antemán pensadas e propostas como a gabanza da caridade na festa do San Martiño, pra o pregador, a evocación dos antergos na outa noite, pra o novelista enfeitizado polas misteriosas chamadas da súa de espellos outonizos e o xardín de sempre novas primaveiras do pazo, ou a sombra de noite insomne de degoiros humanos de César, pra o ensaista na obriga de opinar sobre o destino de Exipto ou Anatolia no Mediterráneo. A Sexta Frota norteamericana fai rubir no tempo deica as trirremes de Roma, e a política soviética pode ser un folgo e unha axuda pra o historiador dos grandes medos do oeste sempre axexantes sobre un Mare Nostrum por demais requintado como típico escenario da intelixencia na política e súas perigosas concesións e folgos. Nos discursos de ingreso nas Academias como nas inauguranzas das Universidades, imponse un examen de conciencia do decorrer. O tempo pousa, xuício, histórica xustificación, programático ensaio sobre o futuro... Entra en entramas Institucións a obriga de peneirar de cando en cando o trigo da decorrente realidade... Pro en Vidal Abascal a temática de actualidade impúxose como na periodicidade cósmica da laboura de un Observatorio o xurdir de un faiscante cometa revolucionario. Como mestre, sabe non admitir narcisismo unha posición vixiante e responsable, e qué se fai preciso gañarlle a dianteira ao cego destino que acostumamos gandar co craro do luar romántico nos espellos do decorrido e o baril consóo escéptico dos grandes desenganos. Fica nun lusco fusco que somentes pide unha atención de curtesía a paixón dos estudantes, loiros Sigfridos do 1830, profesando emozoados na selva xermánica, o se acender das Escolas do París do 1848, faiscante xuramento nas aras tráxicas do 93. Hoxe a revolución escolar siñifica un movemento de xuventude, a profesión de fé e a obra de unha xeneración disposta a probare de unha vegada pra sempre a valencia e verdade de unha cultura que xa comezamos a chamar moderna cun acento de dúbida ou de non querida melancolía. Máis do que unha reitificación imponse un anovamento nos ritmos e tensións mantenedoras e criadoras da cultura. Por cánles lóxicos chegouse no XIX ao sufraxio universal na política. Valeira figura, manto soio cheo polo vento retórico. de non ser sufincado no herdo universal da cultura nos seus básicos e esenciais presupostos

humáns de ben afeitados ouxetivos e arelanzas. Se non trata de acugular dinantes dos 16 ou 17 anos o contido de algunha caste de Larousse de faldriqueira en cada mociña ou mozo... Apenas fai falla decilo... Na grande emoción do momento, no novo e salvador momento universitario, chama o degoiro apaixonante de unha poesía de xuventude e de esperanza ben lonxe de unha priguizosa opinión da loita fadal das xeneracións. O espírito non envellece. Son a vaidade, a priguiza, feitíos de crudelidade non espicados, e por elo voltos rén e triste poeira de mausoleos entenados ao non seren ouxeto do exercicio crítico, ao se privaren do ensono dun acordare, e guiare cara paludes de alento de morte o río misterioso e sempre latexante da vida. Non resba a aa do morrer a bágua ou a risa dos presocráticos. Enxamáis soará a vella a paráfrasis do Cantar dos Cantares por Santo Tomás, cando se desleaba dos vencellos do mundo, ou aquila invocación de amor de Martín Códax en latexante verso galego-portugués —de lonxe aprobaban Safo e Hölderlin— aplausado polas ondas do mar de Vigo... De aititús didiante o decorrer, de esculca enxamáis rematada do esencial, de simpatizantes arcos lumiosos de lembranza sobre os tempos se tecen os istrumentos da cultura dispostos pra a nova xeneración pola Universidade, e de aquiles pra que a mán traballe o ouxeto perfecto, espresivo, ensaie cun tremor de descuberta a máquina calculada... Vidal Abascal quenta unha parte do seu discurso na chama de unha teoría de Ortega Gasset de ser a Universidade a primeira filla ceibe da Intelixencia ergueita de por sí. Elo nos leva á procura da fonte. A fonte non pode ser outra que a filosofía, a primeira, o abrente lucidío da filosofía xónica... Cada día chaman máis por as nosas sedes as augas orixinarias. Nos pensares dos antesocráticos xogan a intuición, o ensoar, o mito, a razón. Mostran pesimismos de adolescentes que conmoven nosas vellas sensibilidás. Seus primeiros concertados pensamentos treman de gozo diante o fenómeno e o trascendente como a águia nova no niño diante o infindo latexar da luz... Despóis cos primeiros ensaios do intimismo, as mans por diante, os ollos nacendo na noite, os estudantes, apaixonados estudantes de por vida, afátanse arredor dun mestre, un guieiro, e xa a mañán chama de outro xeito ás portas da concencia. Pensemos nas primeiras escéas do Protágoras... Dende entón fica a mañán consagrada, despóis de maitines, nas abadías, aínda con luceiros no Sena, os estudantes con fachicos e faroles acoden ás primeiras leucións na Sorbona...

Se fortece a intelixencia, alenta podente e gozosa nas escolas dos filósofos, se non encinza nas chamadas escuras, soio alumeadas polos ollos do moucho gabado no soneto de Enrique González Martínez, pois...

“su inquieta pupila, que se clava en la sombra, interpreta el misterioso libro del silencio nocturno...”.

E a intelixenza nada nos “lucos” dos filósofos gregos é a alma da Universidade... No máis extremo rodopío das técnicas loce un refrexo da súa lus.

Non sabemos si ao dirixir Ortega o seu sonado adeus a Kant sentíndose ledo e ceibe, o era e foi en verdade, ou soio xogo de algunha das situacións gandideiras ou irónicas ás veces xurdidas na filosofía, e pódia ser que polo seu ben. De calquera xeito é un símbolo e encobre e decrara resolución moi graves. Pois o trunfo dos Relativismos nas ciencias e millor nas discipriñas do esprito franquean a porta a unha forte, pronta e gozosa revisión de aquilas podentes sistemáticas a través de gostosos narcisismos madurecidas, esquecidas do tempo nun estadismo co gallo da perfeución. Pra moitos sentires a Cultura é perfecta. Somentes se pode disfruitar como un herdo. O terréo alodial dos barós feudaes. Están trazados todos os vieiros, agardan as milliores pousas, as máis gostosas agasalladas polas artes requintadas do lembrar. A cultura, un glaciador belidamente escultrado. Pro garda, leva en si un torrente. Soante choutador, de urxentes e non cavilosos anceios. pois de tere senso dos seus canles e delta xa non huber tentado os gozos da nova e heroica vía. Chegando algunha primaveira nova no sol, e nos ollos dos regueiros e dos mozos, decóbrese o mundo solene dos glaciares perfeitos. Cada un co cantar encraustado. A todos se lles ofrece o gozo heroico do amor, da xusticia e a libertade, e o mundo canta a nova canzón esquencida da lei hermética dos outos Alpes cristañños...

E ise é o problema, fermoso e duro, da Universidade nestora. ¿Revolución? A verba e máis o concepto pechan e raiolan moitos sentidos.

¿Non é seguire a lei da Creación? Dende sempre a lei moral loce ceibe, nidia, lonxe de todo compromiso, ás veces dun soio e fuxidío faiscar, de abondo, cecáis, pra unha vida, na frente dos adolescen-

tes. Moitos vellos fuxen de enxergar a fronte dos mozos. Gándense a si mesmos ca valencia da autoridade. Moitos se non astreven a enxergaren as mañás da súa propia xuventude. Teñen grimo do xués inocente, ou temen ferir a tristura do anxeo dos seus dazaséis anos, fronte enrubrecida da vergonza no acougo das albas áas privadas do azul pra voar...

Estamos xa no tempo de se compriren os verdadeiros degoiros da Institución Universitaria... Ben o sabe e sinte fai anos o noso novo e ilustre compañeiro e ben o decrara o mesmo acento e grave emoción do seu discurso. E seu estudo e visión dos estilos de Universidade nestora vixentes no mundo. ¿Cómo xurdindo os máis podentes e inzados de froitos da mesma semente e raíz da liberdade, seréa, cos seus íntemos gozos e súa concencia en pura chama ergueita, poden hoxe seren antipódicos? Mais, e dende as verbas primeiras, ben se teñen decatado os ouvintes, da fondura da vivencia das súas tésis. Pois o mestre, sutil mestre, Vidal Abascal cuia relación de publicacións damos o final, volve ociosas preguntas e respostas de seu arte-ladas no desenrolo, como cada "tempo" da sinfonía deixa traslocir o íntimo senso do autor sobre a beleza e o sino pasaxeiro ou inmoredoiro de cada un.

Cando Eça de Queiroz rexouba matinando nos días futuros nos que cada cocheiro de "fiacre" fora "un Malebranche", a mantenta prantexaba o problema como irónico argumento na crítica de unha sociedade de aquila non chamada "de consumo". Ha ser de abondo raro o xurdir de Malebranches, en xineas de calquera estaxe da sociedade cando se chante a nova Universidade. A teima centrosa do tempo de hoxe. Pra que non seña apenas posibre un grande espírito xiado no primeiro e aínda neno agromar e tampouco unha cidade inteira aqueloutrada de pedantismo como aquila grega, da zomba de Luciano, onde todos, vellos e novos, outos e baixos, e nos intres máis de sempre e cotiáns da vida, falaban co énfasis e gravidade dos aitores tráxicos. ¿Por qué Malebranche? Quezáis por espertare a soia lembranza do "feiticeiro do Oratorio", como foi chamado, o máximo respecto á "Intelixencia". Pois non descoñecía o grande e lucidío novelista portugués a friaxe das mentes somentes profesas nas aras dun logos afastado da fantasía e dos intuitivos desvelares do espírito. Ca tristura dun xenio intuitivo de rapás pra sempre afundido na tebra

aldeán soio alumeada polo frolecer dos pirliteiros polo San Xoán e as luces medoñas da Compañía, remata un dos máis desveladoiros e inesquencibres libros da nosa literatura, "Los Precursores", de Murguía. Aquel neno "Ignotus" simboliza os milleiros de mociños e mociñas enteirados na humanidade "irredenta". O termo non ven chamado pola saudade das xeneracións privadas do quentor e do cantare da súa patria, da terra nadal, door e raiolante esperanza e non somentes nos tempos de Murguía. Chantados aínda nun chán, nun humus, estrado humán de irredentos da cultura, érguense e locen, chaman pola lus e as aves, algús souts, ríolas de ameneiros, ao longo das augas do privilexio, cinguidos no rítmico frolecer de íntimas sazós, "lucus" e xardís escolleitos, enteirando o cosmos, o universo, o parque, dos hourizontes, problemas do home en espírito madurecido e dino de ser refrexado no espello deloroso ou embazado da concencia. Espállanse e morren na indefrencia dos érmos os cantos alboradeiros de moitos "Ignotus" como o acariñado pola doce Rosalía... Ermanzas da campía soio agallopadas polo vento das serras, érmos vilegos e cidadáns no estrondar das mecánicas, quezáis máis órfos aínda...


Ninguén nado de muller pode ficar lonxe de aquila educación no aire, auga e pan de saberes do mundo e de sí mesmo pra espreitar drento de si, en calquera íntre, dos chamados venturosos, dos alcuñados da desdita, a ispirada lucencia de costelaciós de luz máis fermosa do que a dos Ceus estrelecidos, e alentare no mundo e no xénero humán na fraternidade da beleza e do ben... Sei como nestora o regosto de escudriñar na entana do destiño e servidume do home produz movementos de desacougo e páxinas cuia esencial nudeza de esperanza deixan na estaxe de desacougos de mociño o pesimismo de Leopardí, a soedade, batida da áas satánicas, de Byron... O mozo de hoxe, de se decatarse canso, sin camiños, entre ruínas, decátase polo menos da forteza do seu espírito e do poder da súa man, si con xenerosidade, amor e rigore foi imposto no uso lucidío, "per se" da mente e de man. Pois o ben istruído nos primeiros camiñares, á lus do abrente do espírito e a gloria do traballo creador, endexamáis ha ser xordo á invitación das contestes roitas, ao engado das obras ben feitas, e á gracia dos sendeiros novos, nados baixo os seus pés como no verso, de mil lumes de pedra de seixo, de Antonio Machado.

É grande a sorte e a honra miña. Millor houbera sido o silencio. Ise calar das facultades críticas, dos latexares do sentimento e as soazes do lembrar, cando ficamos como desacougados ao findar un libro latexante de iniciaciós, á contesión de unha alma senlleira, a crítica levada con arte deica o miolo do froito da realidade. Debíamos profesar nus minutos do silencio das agras centeeiras da Terra de Deza despóis dun chover cantareiro e benfeitor. Pois coído ter de ser moi agradecido ao estilo e ao arelar do discurso no novo académico. A calma enxoita, seréa, non sendo a máis pequena das súas escelencias a de chamar a atención do púbrico sobre a Universidade como fogar de todos. A que aquece e quenta, congrega e afalaga, sementa de pó e latexar de estrelas os folgos e agradez sorridente nai sempre xoven todo amor e afalago... Novamente agradezo ao mestre Vidal Abascal e á Academia —|ben se deixa traslocire que toda composta de amigos!— a honra que me fan ao acordaren ser a miña, a voce da nosa Institución niste aito solemne e entranábel. Pois nada fortece e aleda o ser e corazón dos vellos como o se decataren, anque sexa polo tempo dun voar de gozosas pombas, de non seren estimados estranos ás novas arelanzas... De novo se afonda e fortece a antiga amizade da Universidade e a Academia, entramas de inmorrentes raíces galegas, de outas ponlas pra pouxa de todas as aves e ventos da cultura... Sexa ben vido en nome da Academia e no meu de vedraio estudante, o doutor en ciencia e en tantos ergueitos saberes, don Enrique Vidal Abascal, portador da chama gardada pra os eleitos ascetas e poetas da mente, ao noso fogar... Pro non quixera findar as miñas palabras sen adicar algunhas, por demáis febles e probes pra a cárrega de emoción que portan, en lembranza da Universidade Compostelán. Súa imaxen non se afastóu de nós nista festa. Pois, ademáis, o Dr. Vidal Abascal, fillo xeneroso, mestre fidelísimo, adicóulle un momento senlleiro, intimista, do seu discurso. Declara a honra de ser galego no esprito e estudante da galega Minerva. A mantida pola terra e o esprito demarcadoira cas infindas arelanzas, é guiada polo nume dos poetas e a ispiración das xeneraciós labregas e ás estirpes mariñeiras, as que traballan o eido e o mar como votivas e fermosas oferendas, as cinguidas cas millores patrias da vella Europa pola identidade esencial de lembranzas e arelanzas... A Academia da Língua e a Cultura Galega saúda nestora a un dos millores mestres,

D. Enrique Vidal Abascal, ca emoción mesma con que o acolléu no seu claustro e maxisterio a Universidade Compostelán, sentíndose ca presenza e a colaboración do sabio matemático e “bon e xeneroso galego”, máis fortecida e leda no seu camiñar a prol dos outos fitos...

Dixen.

RELACIÓNS DE PUBRICACIÓNS
POR
D. ENRIQUE VIDAL ABASCAL



SOBRE GEOMETRIA DIFERENCIAL

LIBROS E FOLLETOS

- 1) *Introducción a la Geometría diferencial*. Prólogo por Julio Pastor. 333 págs. Edit. Dossat, Madrid, 1956.
- 2) *Geometría integral sobre las superficies curvas*. 62 páginas. Pub. del Obs. de Santiago, 1949. Premio ALFONSO EL SABIO del Consejo Superior de Investigaciones Científicas, en 1948.
- 3) *Sobre fundamentos de la Geometría integral*. Mem. de la Real Academia de Ciencias Exactas. F. y N. T. IV, Men. 4, 1953. PREMIO en el Concurso de 1953.
- 4) *Estado actual, métodos y problemas de la geometría diferencial*. Publicaciones del Instituto de matemáticas Jorge Juan, Madrid 1958.
- 5) *Introducción a las variedades diferenciables*. 152 páginas. Public. de la sección matemática. Facultad de Ciencias. Santiago 1964.

TRABAJOS PUBLICADOS EN REVISTAS

REVISTA MATEMÁTICA HISPANO-AMERICANA

- 6) *Algunas propiedades de las curvas esféricas*, T. IV, 1944.
- 7) *Sobre las curvas rectificables*, T. VI, 1946.
- 8) *Sobre un teorema de Liouville y generalización de fórmulas de Steiner*. T. VI, 1946.
- 9) *Area engendrada sobre una superficie por un arco de geodésica cuando uno de sus extremos recorre una curva fija y longitud de la curva descrita por el otro extremo*. T. VIII, 1947.

10) *Extensión del concepto de curvas paralelas sobre una superficie. Longitud y área correspondientes a la curva así deducida de otra dada.* T. VII, 1947.

11) *Sobre los fundamentos de la Geometría integral.* T. XII, 1952.

12) *Concepto de Geometría y espacio geométrico. Revisión del programa de Erlangen.* T. XII, 1952.

REVISTA DE GEODÉSICA

13) *Sobre fórmulas de Steiner.* Año VI, 1947.

PORTUGALIAE MATHEMATICA

14) *Sobre una representación equivalente de una porción de superficie sobre un plano.* Vol. IV, 1945.

BULLETIN OF THE AMERICAN MATHEMATICAL SOCIETY (U. S. A.)

15) *A Generalisation of Steiner formulae.* Vol. 53, 1947.

REVISTA DE LA UNION MATEMÁTICA ARGENTINA

16) *Curvas paralelas sobre superficies de curvatura constante.* V. VIII, 1948.

REVISTA DE LAS CIENCIAS

17) *Los invariantes integrales en el estudio de los problemas tipo del principio de Hamilton y en los sistemas dinámicos.* Año XXV, págs. 272-279 (1959).

REVISTA DE LA REAL ACADEMIA DE CIENCIAS DE MADRID

18) *Sobre una representación equivalente.* T. XL, 1948.

COLECTANEA MATHEMATICA

19) *Nota sobre curvas en superficie de curvatura constante.* Vol. V, 1952 (en colaboración con E. G. Rodeja).

20) *Generalización de los invariantes integrales y aplicación a la geometría integral en los espacios de Klein y de Riemann.* Vol. XII, págs. 71-102 (1960).

21) *Nueva deducción de las fórmulas de Steiner en un general S_n+1 .* Vol. XIV, págs. 47-50 (1962).

PROCEEDINGS OF THE AMERICAN MATHEMATICAL SOCIETY
(U. S. A.)

- 22) *A generalization of integral invariants*. Vd. 10, páginas 721-727.

I COLOQUIO INTERNACIONAL DE GEOMETRIA DIFERENCIAL.
Santiago 1964

- 23) *Sobre algunos problemas en relación con la medida en espacios foliados*. Págs. 63-77.

ANNALES DE L'INSTITUT FOURIER

- 24) *On regular foliations*. T. XVII (1967), págs. 129-133.

RENDICONTI DEL CIRCOLO MATEMATICO DE PALERMO

- 25) *Mesures définies sur les espaces des feuilles d'un feuilletage*. T. XV (1966), págs. 247-256.

II COLOQUIO INTERNACIONAL DE GEOMETRIA DIFERENCIAL

- 26) *Cuestiones en relación con las medidas en los espacios fibrados* (Santiago) 1967, págs. 59-63.

PUBLICACIONES SOBRE CÁLCULO
DE ORBITAS DE ESTRELAS DOBLES (Astronomía)

LIBROS

- 27) *Cálculo de órbitas aparentes en las estrellas dobles*. Monografías de Astronomía y C. A. Núm. 1, 218 págs., 1953.
28) *El problema de la órbita aparente en las estrellas dobles*. 58 págs. Pub. del Observ. de Santiago 1947.
29) *Sobre las órbitas de las estrellas dobles visuales*. 58 páginas. Public. del Observatorio de Santiago 1944.

TRABAJOS PUBLICADOS EN REVISTAS

MATEMATICA ELEMENTAL

- 30) *Algunas variantes en el método de Zwiers para la determinación de órbitas de estrellas dobles visuales*. T. III, 1943.

REVISTA DE GEOFÍSICA

- 31) *Método para el paso de la órbita aparente a la relativa en los sistemas dobles.* Año V, 1946.
- 32) *Determinación de la órbita parabólica de una estrella doble por tres observaciones.* Año VI, 1947.
- 33) *Las estrellas dobles visuales y la relación masa-luminosidad.* Núm. 34, 1950.
- 34) *Estudio del movimiento elíptico cuando el polo es un punto arbitrario.* Año III, 1944.
- 35) *Órbitas de las estrellas dobles 489 y 1.074 y nota sobre el método empleado.* Año IV, 1945.

ASTRONOMICAL JOURNAL (U. S. A.)

- 36) *On parabolic orbits of double stars with application to 1939.* Vol. 54, 1948.

BOLETIN DE RADIATIVIDAD

- 37) *Estructura interna y energía de las estrellas.* Volumen XXIII-1, 1950.

URANIA

- 38) *Estudio de una variante del método de Klinkerfues para la determinación de órbitas de estrellas dobles visuales.* Número 227, 1951.
- 39) *Aparato para la determinación de órbitas de estrellas dobles.* Núm. 230, 1952.
- 40) *Método para la determinación de las constantes de Thiele-Innes.*
- 41) *Nuevos métodos y aparatos para el cálculo de órbitas de estrellas dobles, 1964 (se estudia el "orbígrafo", integrafo) ideado para el cálculo de órbitas de estrellas dobles y construido por Coradi (Zurich).*

OUTRAS PUBRICACIÓS

- 42) *Estudio de algunas definiciones de área de una superficie curva.* Euclides, núm. 24, 1942.
- 43) *Curso de matemáticas para técnicos, químicos y biólogos,* 520 págs. Edit. Dossat, Madrid 1957.
- 44) *Curso de matemáticas.* 4.^a edición XX, 82, 592 páginas. Editorial Dossat. Madrid 1966.

- 45) *Problemas de matemáticas*. Edit. Dossat, Madrid 1963.
- 46) *El fabuloso Nicolas Bourbaki*. Revista de Occidente (1964).
- 47) *Concepto, origen y desarrollo de la Topología*. Boletín de la Universidad de Santiago. 31 págs. 1953-54.
- 48) *Lo indecible en matemáticas*. Revista de Occidente (1966).
- 49) *Matemáticas para el Curso Preuniversitario*. II volúmenes. Vol. I, 169 págs., vol. II, 144 págs. Ediciones Anaya, 1963.
- 50) *La Universidad y el problema científico español actual*. Boletín de la Universidad. Santiago 1963.
- 51) *Problemas que plantea la enseñanza técnica superior*. Rev. de economía de Galicia. Galaxia, Vigo (1958).
- 52) *Nacimiento y muerte del Universo*. Medicamenta. T. IV, páginas 232-233.
- 53) *La investigación científica*. Medicamenta. T. IX, páginas 289-291.
- 54) *La Cosmogonía del Universo y la teoría general de la relatividad*. Arbor, 1964.
- 55) D. Ramón M. Aller. *Gaceta Matemática*. T. XVIII (1966).
- 56) *Cálculo infinitesimal*. Dist. Editorial Dossat. 438 páginas (1970).

Como colaborador do "MATHEMATICAL REVIEWS" e do "ZENTRALBLATT FÜR MATHEMATIK und ihre Grenzgebiete" ten publicado numerosas recenziós sobre Xeometría diferencial e Topoloxía.

OPINIÓS E ALGÚNS DATOS EN COL DA LABOURA DO PROF. VIDAL

En 1949 acadó o premio "Alfonso el Sabio" do Consello Superior de Investigacións de Madrid e por un traballo titulado: "*Geometría integral sobre las superficies curvas*". Outivo dous premios da Academia de Ciencias de Madrid e nos anos 1957 e 1960 polos seus traballos: "*Sobre los fundamentos de la Geometría integral*" e "*Relaciones entre el cálculo de variaciones, la teoría de los invariantes integrales y la Geometría integral*".

Nas revistas citadas *Math. Reviews* e *Zentralblatt*, apareceron "recenziós" dos seus traballos firmados por Allendoerfer, Scherkz, J. H. Roberts, Busemann (4 recenziós), L. A. Santaló (3) H. S. Ruse, B. Gambier, W. Blaschke (3), Gericke, H. R. Muller, Dedeker, Wilsson e outros.

No "*Bulletin of the American Math. S.*". V. 62, p. 512, (1956), o Prof. Struik fai a recenzión da súa obra: *Introducción a la Geo-*

metría Diferencial, e di...: "We can also, in the text, make the acquaintance of some of Professor Vidal Abascal's own contributions to geometry.

O profesor Santaló cita os traballos do profesor Vidal en diversas publicacións, así por exemplo en *Mathematicae Notae*, IX, Fase 1-2 (1952). *Math. Notae*, XIV, 32-49 (1954), *Integral Geometry (Chern: Studies in Global Geometry and Analysis)* (1968) e na súa obra *Integral Geometry* (1953), páx. 65. Tamén son citados en publicacións dos profesores Stoka (*Geometrie Integrale*, Ed. Academie Rep. Romania, 1967), Sulanke, G. Masotti, E. G. Rodeja (*Commentarii Math. Helv.* v. 20, p. 172), pero quero destacar a referencia que fai o profesor Allendoerfer na súa publicación: "Steiner's formulae on a general S_n+1 . *Bulletin of the Am. Math. Society*, V. 54, 1948, onde di na páx. 129". "The methods used in deriving these results are similar to those of Vidal Abascal who developed the especial case of $n=1$ in a recent paper". E na páx. 133 volve a decir: "This leads to the results of Vidal Abascal which generalize the formulae of Theoreme 1".

Dirixiu as tesis doctoraes dos prof. Srs. Echarte e Naveira que tiveron a máxima calificación. A primeira na Universidade de Zaragoza e a segunda na de Santiago.


Foi invitado a dar conferencias en diversos centros matemáticos, sendo de destacar as dadas na "Ecole Polytechnique de Lausanne" (Suiza) (1952) "Faculté des Sciences de Paris" (1964 e 1966), e no "College de France" invitado polo prof. Lichnerowicz (1968). Foi invitado a tomar parte nunha reunión sobre "Trayectorias" na "Université de Strasbourg" (1970) e a un seminario sobre "Topología diferencial, Foliaciones" organizado polo *Mathematisches Forschungsinstitut de Oberwolfach (Alemania)* en 1971. No 1968 foi invitado polo Goberno francés pra visitar varios centros matemáticos franceses. Nese mesmo ano foille concedida unha Axuda da Fundación March pra investigación.

Presentou comunicacións nos Congresos internacionais de Matemáticos de Edimburgo (1962), Moscú (1966) e Niza (1970). Neste último Congreso a comunicación do prof. Vidal é a única que aparece nas actas do Congreso, firmada por un profesor español.


Organizou no 1963 o primeiro Coloquio internacional de Matemáticas celebrado en España, no que interviron e presentaron traballos os profesores: De Rham, Lichnerowicz, Blumenthal, Deheuvelds, Sancho, Dou e Vidal. En 1967 organizou outro Coloquio internacional sobre: Xeometría diferencial, coa colaboración dos profesores De Rham, Willmore, Berger, Lichnerowicz, Santaló, Sancho, Godeaux e Viviente.


CONTIDO

INTRODUCCION	11
A reforma da Universidade	12
O porvir da Universidade	13
A democracia na Universidade	15
I. OS DISTINTOS TIPOS DE UNIVERSIDADE	17
A Universidade europea	18
A Universidade americán	21
Relación das Universidades americán e rusa coa vida neses países	25
II. A CRISIS DA UNIVERSIDADE	28
Defectos da Universidade	30
Relación entre a Universidade e a Sociedade	33
III. A UNIVERSIDADE POSITIVA	35
A nova Universidade	35
Socialización dos ensinos	37
A Universidade e a Cencia	39
IV. A FORMACION E A EDUCACION NA UNIVERSIDADE	43
APENDICE I. OS MOVEMENTOS ESTUDIANTILES	50
APENDICE II. A UNIVERSIDADE GALEGA	59
DISCURSO DE D. RAMON OTERO PEDRAYO	69
RELACION DE PUBRICACIOS POR D. ENRIQUE VIDAL ABASCAL	81



Este discurso académico
do Prof. Enrique Vidal Abascal,
coa resposta de D. Ramón Otero
Pedrayo, rematouse de imprimir
nos Talleres Gráficos de "Faro de Vigo",
Colón, 30, o día 26 de xaneiro
do 1971





REAL
G
A C

29

Bib

ACAD

SA LEGA

CORU

943

liote